

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 2 DE DECEMBRO DE 2010

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 19:08 horas do día 2 de decembro de 2010, baixo a Presidencia do sr. alcalde-presidente don Iván Puentes Rivera, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Don José Antonio López Rodríguez, don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira, dona María del Carmen Silvar Canosa, dona Amalia García Balado, don Juan Manuel Lourido González, dona Rocío Rey Sampayo, dona Rita María Couto Seijido, dona Inés Roca Requeijo, don Manuel Vicente Pico Sanmartín, don Edgar Antonio Vigo López, don Manuel Polo Gundín, don Gumersindo Pedro Galego Feal, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, don Juan José Franco Casal, dona María del Pilar Fornos Corral e don Manuel Sánchez Martínez.

Secretario:

Don Jesús Tallón García.

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido, declara aberta a sesión, e procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

ORDE DO DÍA:

1º.- Aprobación das actas das seguintes sesións:

- Sesión ordinaria de 7 de xullo de 2010.
- Sesión extraordinaria de 3 de agosto de 2010.
- Sesión extraordinaria de 5 de agosto de 2010.
- Sesión extraordinaria de 10 de agosto de 2010.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o sr. alcalde-presidente advirte que neste punto, onde día sesión ordinaria de 7 de xullo de 2010 debe dicir 1 de xullo de 2010 e pregunta a continuación, se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións celebradas en datas 1 de xullo, 3 de agosto, 5 de agosto e 10 de agosto de 2010, previamente remitidas coa convocatoria, sen que se produza obxección ou observación ningunha, polo que quedan aprobadas as actas.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que se felicitan por que veñan catro actas ao Pleno para as aprobar e sinala que quedan varias pendentes, que así, sen elas, se fai complexo o seguimento dos asuntos incluídos nos Plenos celebrados nos meses anteriores e roga para que antes de fin de ano se poidan aprobar todas as actas pendentes.

De seguido intervén o sr. alcalde para dicir que reciben o rogo, que coma é obvio xa se comezou a redacción de todas as actas e tamén houbo un reparto de funcións dentro da parte

administrativa para darlle prioridade absoluta a redacción de actas e que poidan ser aprobadas canto antes.

O Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

A aprobación das actas do Pleno da corporación de datas 1 de xullo, 3 de agosto, 5 de agosto e 10 de agosto de 2010.

2º.- Modificación do nivel de complemento de destino do persoal da policía local.

Logo de ver o informe conxunto da Secretaría e Intervención (Reparo nº 25/2010) de data 22 de novembro de 2010, que transcrito literalmente di:

“INFORME CONXUNTO DA SECRETARIA E INTERVENCION (REPARO Nº 25/2010)

ASUNTO.- MODIFICACION DA PLANTILLA E DO ANEXO DE PERSONAL: MODIFICACION DO NIVEL DE COMPLEMENTO DE DESTINO ASIGNADO OS POSTOS DE TRABAJO DA POLICIA LOCAL.

Antecedentes:

- Proposta da Alcaldía de 8 de outubro de 2010.
- Acordo da Mesa Xeral de Negociación de 18/06/2008.
- Orzamentos do Concello de Fene para o exercicio 2010.
- Catálogo de postos de Traballo do Concello de Fene.
- Informe do servizo de 8 de novembro de 2010.

INFORME

Primeiro.- Réxime retributivo dos funcionarios públicos. Comezaremos citando o artigo 21 do EBEP que establece que:

Art. 21. Determinación de la cuantía de los incrementos retributivos. 1. Las cuantías de las retribuciones básicas y el incremento de las cuantías globales de las retribuciones complementarias de los funcionarios, así como el incremento de la masa salarial del personal laboral, deberán reflejarse para cada ejercicio presupuestario en la correspondiente Ley Presupuestos. 2. No podrán acordarse incrementos retributivos que globalmente supongan un incremento de la masa salarial superior a los límites fijados anualmente en la Ley de Presupuestos Generales del Estado para el personal».

As sucesivas Leis de Orzamentos Xerais do Estado veñen sinalando límites interanuais ó incremento retributivo de todo o persoal ó servizo das Administracións Públicas. En concreto, a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o 2010 estableceu inicialmente un límite de incremento do 0,3% anual, límite que foi modificado polo RDL 8/2010, de 20 de maio.

Pola súa banda a Lei de Coordinación de Policía Local de Galicia establece no seu artigo 48 que:

“ Os funcionarios dos corpos da Policía local terán dereito a unha remuneración xusta, que abranguerá as retribucións básicas e as complementarias no marco da lexislación da función pública de Galicia.

...

As retribucións complementarias fixaranse regulamentariamente, dentro dos límites fixados pola lexislación vixente, de acordo cos seguintes criterios:(...)"

Esta normativa (EBEP, Lei de Orzamentos do Estado) é de carácter básico e aplicable ó persoal ó servizo das Entidades Locais, do que o persoal integrante da Policía Local non é unha excepción, pese a contar con normativa que o singulariza en certos aspectos. Polo tanto, e por razón de xerarquía normativa, o artigo examinado da Lei de Coordinación de Policía Local de Galicia deben ser interpretados sempre respectando a normativa básica.

Por outra banda, a normativa reguladora da función pública de Galicia ten un carácter supletorio da normativa estatal no que se refire ós funcionarios locais, en virtude do sinalado na normativa que se sinala a continuación.

O artigo 93 da LRBRL sinala:

“As retribucións básicas dos funcionarios locais terán a mesma estrutura e idéntica contía que as establecidas con carácter xeral para toda a función pública.

As retribucións complementarias ateráanse, asimismo, á estrutura e criterios de valoración obxectiva das do resto dos funcionarios públicos. A súa contía global será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado.

As Corporacións locais reflexarán anualmente nos seus orzamentos a contía das retribucións dos seus funcionarios nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública”

Pola súa parte, o 154 do TRRL, disposición tamén básica, determina:

“A Lei de Orzamentos Xerais do Estado para cada ano fixará os límites ó incremento das retribucións ou gastos de persoal das Corporacións Locais”.

O artigo 156 do mesmo texto legal

“O disfrute das retribucións complementarias non creará dereitos adquiridos a favor dos funcionarios, salvo o establecido legalmente respecto do grado consolidado en relación co nivel e complemento de destino”.

Segundo.- Concepto de complemento de destino. O RD 861/1986 define o concepto de complemento de destino, ó establecer que a asignación de nivel a cada posto de traballo farase atendendo a criterios de «especialización, responsabilidade, competencia y mando, así como a la complejidad territorial y funcional de los servicios en que esté situado el puesto» (art. 3.º.2). Por último este artigo determina no seu apartado 4º que "los complementos de destino asignados por la Corporación deberán figurar en el presupuesto anual de la misma con la cuantía que establezca la Ley de Presupuesto Generales del Estado para cada nivel»

De igual xeito, o artigo 3 do RD 861/1986, de 25 de abril , na redacción dada polo RD 158/1996, de 26 de febreiro establece no seu apartado 1 que «los intervalos de los niveles de puestos de trabajo de los funcionarios de Administración Local serán los que en cada momento se establezcan para los funcionarios de la Administración del Estado» añadiendo no seguinte apartado que corresponde ó Pleno da Corporación asignar niveis a cada posto de traballo dentro dos límites máximos e mínimos.

Consecuentemente co anterior, a asignación de niveis ós postos de traballo dentro do intervalo que corresponda ós funcionarios que poidan desempeñalos atendendo ó grupo de titulación a que pertencen, corresponde á potestade de autoorganización da Corporación, a cal deberá de seguir o procedemento establecido no citado artigo 3 do RD 861/1986, é dicir,

acordo do Pleno previa xustificación dos motivos que xustifican a a modificación dos previstos no apartado 2 do artigo citado e co condicionamento contido na Disposición Final Unica que prohibe a asignación ou aumento de niveis que supoñan un incremento dos gastos de personal. Polo tanto, e dentro das potestades de autoorganización que lle corresponden á Corporación, nada impide que se acorde unha modificación do nivel do complemento de destino, sempre que o incremento retributivo non incida no incremento da masa salarial, polo que paralelamente haberán de reducirse outros complementos que teñan asignados os postos ou compensarse con redución de créditos globales destinados a outros conceptos retributivos.

Terceiro.- Por outra banda, cómpre salientar que a modificación proposta pola Alcaldía aparece fundamentada unicamente no acordado pola Mesa Xeral de Negociación de 18/06/2010. Debe recordarse, que en todo caso, a modificación dos niveis dos postos de traballo entra dentro da potestade de autoorganización da Corporación, e polo tanto, é materia excluída da negociación segundo o disposto no artigo 37.2 do EBEP ("2. Quedan excluidas de la obligatoriedad de la negociación, las materias siguientes: a. Las decisiones de las Administraciones Públicas que afecten a sus potestades de organización").

Cuarto.-

O artigo 76 do EBEP establece a clasificación profesional do persoal funcionario de carreira, sinalando que os corpos e escalas clasifícanse segundo a titulación esixida ós mesmos para o seu acceso e distingue os grupos A, B e C. Dentro do grupo C distingue os subgrupos C1 e C2 esixindo para o ingreso no Grupo C1 estar en posesión do título de bachiller ou técnico. Estes grupos constitúen o mecanismo de ponderación do mérito e da capacidade na función pública xa que diversifica ós funcionarios segundo o maior ou menor nivel de titulación esixida para o seu ingreso.

É importante traer a colación a liña xurisprudencial do Tribunal Supremo en tanto que liga os principios constitucionais de mérito e capacidade na selección e acceso á función pública e as retribucións que se deriven do grupo no que se integra o funcionario ó acceder á función pública co propio principio de igualdade e así sinala, entre outras consideracións, a Sentencia do Tribunal Supremo de 5 de marzo de 2002 que "esa vinculación entre grupo, titulación e retribución básica é unha esixencia imposta tamén polo principio de igualdade (art. 14 de la Constitución), pois vai dirixida a asegurar que o nivel de titulación esixido a cada funcionario recibirá en todos eles a mesma valoración a efectos retributivos. E o inxustificadamente discriminatorio sería que funcionarios coa mesma titulación esixida para o seu ingreso percibiran en cuantía diferente o concepto retributivo que precisamente pondera ese factor da titulación e non outro" .

O artigo 3 do R.D. 861/1986, de 25 de abril, sinala que os intervalos dos niveis de postos de traballo dos funcionarios de Administración Local serán os que en cada momento se establezan para os funcionarios da Administración do Estado. Engade que "(...) dentro dos límites máximo e mínimo sinalados, o Pleno da Corporación asignará nivel a cada posto de traballo atendendo a criterios de especialización, responsabilidade, competencia e mando, así como á complexidade territorial e funcional dos servizos en que esté situado o posto. 3. En ningún caso os funcionarios de Administración Local poderán obter postos de traballo non incluídos nos niveis do intervalo correspondente ó grupo de titulación no que figure clasificada a súa Escala, Subescala, clase ou categoría."

Os intervalos veñen fixados no artigo 71 do R.D. 364/1995, do 10 de marzo, coa modificación que sobre mínimos introduce o Acordo do Consello de Ministros de 12 de xuño de 1998. Segundo este artigo ós postos de traballo que pertencen ó grupo C (agora C1)

corresponderanlle un nivel mínimo de 14 e máximo de 20 e para os postos de traballo que pertencen ó grupo D (agora C2) corresponderalle un mínimo de 12 e un máximo de 18. A proposta da Alcaldía pretende aumentar a totalidade dos postos de traballo do corpo de policía local en dous niveis pasando dos niveis 18/19 ó 20.

A D.A. 1ª da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia establece que no prazo de tres anos dende a entrada en vigor da dita lei, entenderanse clasificados, únicamente ós efectos retributivos, no grupo C os funcionarios dos corpos de Policía local de la escala básica, sen que este feito poda supoñer necesariamente un incremento de gasto público nin modificación do cómputo anual e que transcorridos tres anos, a contar desde la entrada en vigor de la presente Lei, os funcionarios que posean a titulación académica requirida para o acceso a las escalas y categorías nas que se lles reclasifica quedarán integrados, a todos los efectos, nas mesmas. Pola contra, aqueles que carezan da citada titulación académica quedarán integrados, a todos los efectos, nas escalas e categorías en que se lles reclasifica, pero neste caso na situación de a extinguir, permanecendo nas mesmas ata que acrediten a obtención dos niveis de titulación académica esixidos en cada caso ou superen las actividades formativas que, a efectos de promoción interna, puideran establecerse.

En data de 17 de xullo de 2008 adoptouse polo Pleno do Concello acordo polo que se establecía: "Integrar ao persoal da policía Local no grupo C1 (...)"

Segundo consta nos antecedentes, segundo informe de funcionaria do departamento de persoal, non consta que un dos membros do corpo de policía local teña a titulación precisa para atoparse integrado no Grupo C1 (título de bacharelato ou técnico equivalente ou ben a dispensa de grao da titulación referida) polo que debeu quedar integrado, a todos los efectos, nas escalas e categorías en que se reclasificou, pero na situación de a extinguir. Segundo o antedito informe do servizo de persoal, tres membros da policía local non teñen acreditada a titulación requirida para o acceso o Grupo C1, aínda que si o título de dispensa de grao que permite, segundo a Lei de coordinación de policía locais de Galicia e normativa que a desenvolve, integrarse no Grupo C1, ós efectos da referida Lei.

Esta integración a efectos da lei de coordinación da policía local de Galicia non habilita a vulnerar a lexislación básica estatal, permitindo que os integrados no Grupo C1 sen a titulación esixida pola lexislación básica (título de bachiller ou técnico) e os integrados no grupo C1 que deban pasar á situación de a extinguir, poidan superar o nivel máximo que a lexislación básica estatal estableceu segundo a titulación que se esixiu para acceso á función pública e que actualmente teñen acreditada (nivel 18). É dicir coa proposta da Alcaldía estableceríase, un nivel superior ó que legalmente poden asumir, cando menos, os catro funcionarios que carecen da titulación de bachiller ou técnica. É máis, entenden os que subscriben que o dito acordo podería incorrer no suposto recollido no artigo 62.1f da Lei 30/1992 de 26 de novembro, do réxime xurídico e procedemento administrativo común das administracións públicas, que establece a nulidade radical dos actos expresos ou presuntos contrarios ó ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais (a titulación) para a súa adquisición. Incluso podería ser de aplicación o artigo 62.1a da Lei 30/1992 de 26 de novembro, por canto lesiona dereitos susceptibles de amparo constitucional (o principio de igualdade recollido no artigo 14 da Constitución española).

Quinto.- O concello de Fene non conta con Relación de Postos de Traballo, pro si consta un catálogo de postos de traballo aprobado o 30 de decembro de 1997, sen que conste ós funcionarios que subscriben a súa actualización a realidade municipal actual.

Tal e como se advertira pola Secretaría e Intervención en anteriores informes, o Concello non conta con Relación de Postos de Traballo, instrumento que debería ser formado dacordo co previsto no artigo 90.2 da Lei 7/85, e a través do cal deberían levarse a cabo as creacións, supresións e modificacións dos postos de traballo, e na que se deberían concretar os requisitos para o desempeño dos postos, funcións e consecuentemente a valoración económica e non a través do anexo de personal do orzamento (que non é mais que un reflexo orzamentario da valoración económica dada a un posto) .Trátase pois dun instrumento de especial importancia para a xestión de todos os expedientes relativos ó persoal municipal que debe ser elaborado e aprobado con urxencia. Polo tanto resultaría mais adecuado esperar á elaboración deste documento e a partir deste momento levar as tarefas de creación, supresión e modificacións dos postos de traballo.

Conclusiones:

1º A proposta de acordo sometida a informe infrinxe a normativa básica reguladora das retribucións do personal funcionario, na medida en que se produce un incremento interanual das retribucións superior ó permitido legalmente, incremento que se ve agravado pola actual situación de contención do gasto público, e en especial dos gastos de personal, para os exercicios 2010 e 2011 como consecuencia das modificacións introducidas polo RDL 8/2010, de 20 de maio polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público.

2º O incremento retributivo derivado desta modificación non aparece compensado coa redución doutras retribucións complementarias dos postos de traballo afectados ou redución dos créditos globales destinados a outros conceptos retributivos producíndose deste xeito unha vulneración do artigo 3 do RD861/1986.

3º A modificación dos niveis dos postos de traballo da policía local non se atopa xustificada nos termos legalmente establecidos, articulándose como unha modificación que se deriva dun "acordo" da mesa xeral de negociación, sen que conste a motivación que valore e que o xustifique en relación ós factores legais (STS de 1 de xullo de 1994) e condicións especiais que se den no posto de traballo (STS de 5 de decembro de 1994). De acordarse a proposta poderíase incorrer no suposto recollido no artigo 62.1f da Lei 30/1992 de 26 de novembro, do réxime xurídico e procedemento administrativo común das administracións públicas, que establece a nulidade radical dos actos expresos ou presuntos contrarios ó ordenamento xurídico polos que se adquiran facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais (a titulación) para a súa adquisición. Incluso podería ser de aplicación o artigo 62.1a da Lei 30/1992 de 26 de novembro, por canto lesiona dereitos susceptibles de amparo constitucional (o principio de igualdade recollido no artigo 14 da Constitución española).

4º Tendo en conta que o incremento retributivo que se derivaría da presente modificación ascendería a un total de 9039,13 euros, advírtese que na bolsa de vinculación 1/1 existe crédito suficiente para proceder á súa aprobación.

Non obstante, debe recordarse que o crédito consignado no orzamento do exercicio 2010 é unicamente o previsto para as prazas cun nivel de CD do 18/19 polo que, considerando que neste momento existen 2 prazas vacantes de policía local e dotadas orzamentariamente no nivel de vinculación 1/1, este crédito "sobrante" é o empregado neste momento para dotar orzamentariamente esta proposta polo que de iniciar os trámites para a cobertura das prazas vacantes, e de continuar a prórroga do orzamento no exercicio 2011, deberán adoptarse as medidas orzamentarias necesarias para a cobertura económica ó presente acordo (no caso de adoptarse finalmente)

Por todo o exposto, esta Secretaría e Intervención informan desfavorablemente, e con efectos suspensivos a Intervención, a proposta de modificación dos niveis do complemento de destino dos postos de policía local polo que non procedería a súa aprobación.

Fene 22 de novembro do 2010
O secretario

A interventora

Jesús Tallón García

Marta Roca Naveira”

Logo de ver a proposta da Alcaldía de data 23 de novembro de 2010 que transcrito literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

ASUNTO: MODIFICACION DO COMPLEMENTO DE DESTINO DOS POSTOS DE TRABALLO DA POLICIA LOCAL

Logo de ver o expediente tramitado ós efectos.

Logo de ver os informe conxunto da Secretaría e Intervención (reparo nº25/2010) de 22 de novembro de 2010, propónse que pola comisión informativa se dictamine favorablemente e o pleno acorde:

1º.- Levantar o reparo suspensivo nº 25/2010, de 22 de novembro de 2010 formulado pola intervención en base ás consideracións expostas na parte dispositiva da providencia da Alcaldía de 08/11/2010.

2º.- Modificar con efectos económicos de 1 de xaneiro de 2010 o nivel do complemento de destino asignado ós postos de traballo dos policía locais que quedaría fixado no nivel 20.

3º.- Modificar o anexo de personal e a plantilla de personal do exercicio 2010 nos termos anteditos, de modo que quedarían segundo os anexos que se incorporan á presente proposta.

4º.- Publicar este acordo no BOP de A Coruña para que no prazo de quince días hábiles os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen oportunas.

5º.- Aprobada a plantilla e de conformidade co disposto no art. 127 do RDL 781/1986, remitir copia á Xunta de Galicia e á Delegación do Goberno para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Fene, a 23 de novembro de 2010.
O ALCALDE
Asdo.- Iván Puentes Rivera”

Logo de ver o ditame favorable da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 29 de novembro de 2010, que copiado di:

“1º.- Levantar o reparo suspensivo nº 25/2010, de 22 de novembro de 2010 formulado pola intervención en base ás consideracións expostas na parte dispositiva da providencia da Alcaldía de 08/11/2010.

2º.- Modificar con efectos económicos de 1 de xaneiro de 2010 o nivel do complemento de destino asignado ós postos de traballo dos policía locais que quedaría fixado no nivel 20.

3º.-Modificar o anexo de personal e a plantilla de personal do exercicio 2010 nos termos anteditos, de modo que quedarían segundo os anexos que se incorporan á presente proposta.
4º.- Publicar este acordo no BOP de A Coruña para que no prazo de quince días hábiles os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen oportunas.
5º.- Aprobada a plantilla e de conformidade co disposto no art. 127 do RDL 781/1986, remitir copia á Xunta de Galicia e á Delegación do Goberno para o seu coñecemento e efectos oportunos.”

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que o seu grupo asinou a favor deste acordo na Mesa de negociación co persoal do Concello, que están a favor da modificación do cambio de nivel da Policía Local aínda que tal e como ven a este Pleno, sendo o acordo de xullo de dous mil oito, xa podía ter vido hai un ano ou máis e polo menos cumprirse o prazo de xaneiro de dous mil dez tal e coma reflectía o acordo.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

1º.- Levantar o reparo suspensivo nº 25/2010, de 22 de novembro de 2010 formulado pola intervención en base ás consideracións expostas na parte dispositiva da providencia da Alcaldía de 08/11/2010.

2º.- Modificar con efectos económicos de 1 de xaneiro de 2010 o nivel do complemento de destino asignado ós postos de traballo dos policías locais que quedaría fixado no nivel 20.

3º.-Modificar o anexo de personal e a plantilla de personal do exercicio 2010 nos termos anteditos, de modo que quedarían segundo os anexos que se incorporan á presente proposta.

4º.- Publicar este acordo no BOP de A Coruña para que no prazo de quince días hábiles os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen oportunas.

5º.- Aprobada a plantilla e de conformidade co disposto no art. 127 do RDL 781/1986, remitir copia á Xunta de Galicia e á Delegación do Goberno para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3º.- Compromiso de reserva de crédito en favor da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol para o financiamento do contrato de xestión de residuos voluminosos.

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 29 de novembro de 2010, para que o Pleno acorde:

“1º Comprometerse a reservar crédito polo importe de 42.120 euros para o financiamento do contrato de xestión de residuos voluminosos nos municipios da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol nos orzamentos dos futuros exercicios económicos que resulten afectados, sempre ben entendido que as obrigas económicas para o concello serán determinadas mensualmente pola cantidade de toneladas xestionadas polo adxudicatario procedentes do municipio. Así mesmo comprométese a satisfacer as obrigas económicas que se deriven para o concello do presente contrato dentro dos prazos establecidos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación de Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e asume

directamente as responsabilidades legais e económicas que lle correspondan polo incumprimento de ditos prazos.

2º Notificar o presente acordo á Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol.”

Consta no expediente informe conxunto da Secretaría e Intervención de data 24 de novembro de 2010, que transcrito literalmente di:

“INFORME CONXUNTO DE SECRETARÍA E INTERVENCIÓN

Asunto: proposta de reserva de crédito para o contrato de xestión de residuos voluminosos nos municipios da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol.

Xustificación: artigo 172, 173 e 177 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de 28 de novembro de 1986.

Resumo dos antecedentes:

I O Concello de Fene respaldou o nacemento da Mancomunidade de concellos da comarca de Ferrol mediante acordo plenario de 25 de maio de 1971, polo que se acordou a constitución da Mancomunidade, a desiganción de representante na Comisión encargada de redactar os Estatutos.

II O Concello de Fene acordou aprobar a última modificación relevante dos Estatutos da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol en sesión de 5 de outubro do 2000, sendo publicada no D.O.G. núm. 12 de 17 de xaneiro do 2001. Recentemente acordouse modificación estatutaria para incorporar á Mancomunidade ó Concello de Cedeira.

III Providencia do Concelleiro de obras e servizos no que se adxunta proposta de acordo plenario do 23 de novembro de 2010.

1 Normativa examinada

Lei 30/1992, reguladora do réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local.

Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).

Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (R.O.F.)

Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes (T.R.).

Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais.

Concordantes.

2 Consideracións

Previa

1 Quérese deixar constancia polos informantes do escaso tempo hábil que dispuxeron para o exame deste expediente, polo que o presente informe pode ser obxecto de ulterior precisión e ampliación.

2 Documentación examinada

Estatutos da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ferrol e proposta antecedente III.

1ª O servizo público de recollida de lixo competencia e forma de xestión

O artigo 44 da LBRL reconece ós concellos o dereito a asociarse con outros en mancomunidades para a execución en común de obras e servizos determinados da súa competencia e que as mancomunidades teñen personalidade e capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins específicos.

O artigo 25 da LRBRL sinala que o municipio para a xestión dos seus intereses, e no ámbito das súas competencias pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O parágrafo 2 do dito artigo sinala que en todo caso o municipio exercerá competencias, nos términos que sinala a lexislación do Estado ou da Comunidade autónoma sobre a recollida e tratamento do lixo.

O artigo 26 da LRBRL sinala que os municipios por sí ou asociados deberán prestar, en todo caso, determinados servizos, entre eles, en todos os municipios, o de recollida de residuos.

O artigo 85 da LRBRL que son servizos públicos locais os que prestan as entidades locais no ámbito da súa competencia e que estos poderanse xestionar de forma directa ou indirecta, sendo esta última xestión a que se leva cabo a través das distintas formas previstas para o contrato de xestión de servizos públicos na Lei de contratos do sector público.

O apartado 3 do artigo 86 da LRBRL declara a reserva en favor das entidades locais de determinados servizos e actividades ou servizos esenciais entre eles a recollida, tratamento e aproveitamento de residuos.

O TRRL adícalle o Capítulo II do Título VI as actividades e servizos das Entidades locais. Sinala no seu artigo 95 que os servizos públicos locais poderan ser xestionados directa ou indirectamente salvo aqueles que supoñan exercicio de autoridade. O artigo 96 é manifestación da autonomía municipal e concorda co 25.1 da LRBRL, establecendo que en libre concorrència poderán as Entidades locais exercer actividade calquera que sexa de utilidade pública, dentro do término municipal e en beneficio dos seus habitantes.

En canto o RSCL sinala no seu artigo 30 a plena potestade local para constituir, organizar, modificar e suprimir os servizos da súa competencia e o artigo 31 é un reflexo no regulamento da cláusula xenérica competencial do artigo 25.1 da LBRL ó establecer que co fin de atender ás necesidades dos seu administrados, as Corporacións Locais prestarán os servizos adecuados para satisfacelas.

O apartado 3 do artigo 4 da LBRL establece que corresponden ás Mancomunidades de Municipios, para a prestación dos servizos ou a execución das obras da súa competencia, idénticas potestades que as previstas no artigo 4.1 da LBRL para as Administracións Públicas de carácter territorial (Municipio, Provincia ou Illa), na medida en que se sinalen e prevexan nos seus Estatutos. En defecto de previsión estatutaria, corresponderánlles todas as potestades enumeradas no devandito apartado, sempre que sexan precisas para o cumprimento da súa finalidade, e de acordo coa Lexislación aplicable a cada unha das devanditas potestades.

As Entidades Locais (e entre elas as Mancomunidades de Municipios) terán, para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas respectivas competencias, plena capacidade xurídica para celebrar contratos, establecer e explotar obras ou servizos, obrigarse, etc. (artigo 5 da LBRL).

2ª O servizo que pretende que se ralice pola Mancomunidade é un servizo que entra dentro do ámbito competencial municipal.

Segundo o artigo 4 dos Estatutos de la Mancomunidad entre as finalidades da Entidade atópase a “xestión dos residuos sólidos urbanos e outros residuos inertes”. No parágrafo 2º do dito artigo establécese que “ Para a realización dos ditos fins, a Mancomunidad terá plena competencia, e os acordos e resolucións que adopten os seus órganos de goberno obrigarán tanto os concellos asociados como as persoas físicas e xurídicas as que poidan afectar” engadindo o parágrafo 3 do dito artigo 4 o seguinte: “A Mancomunidad, como entidade local recoñecida pola lei, poderá exercer tódalas potestades que lles sexan conferidas pola lexislación da Xunta de Galicia ás entidades destas características para o cumprimento das súas finalidades.”

3ª Non consta na documentación examinada xustificación da media mensual de toneladas que se veñen recollendo no Concello de Fene. Tampouco consta un estudo económico que xustifique o prezo da tonelada de residuos voluminosos que se estableceu. É máis nin se quera consta certificación do acordo da Mancomunidad relativo ó inicio do expediente de contratación da “xestión dos residuos voluminosos”, nin previsión de cando se vai proceder a iniciar a prestación do servizo.

Coa documentación que obra na Intervención e do exame das facturas emitidas (período de xaneiro a agosto) pola empresa que o día da data presta o servizo de xestión de voluminosos, resultaría un promedio de 27 toneladas/mes, polo que tendo en conta o prezo por tonelada que aparece na proposta da concellería -na que se si que é o prezo determiando pola mancomunidad- resultaría un custo total para o concello de 42.120 euros/ano.

Na aplicación orzamentaria 162/22700 do orzamento municipal do ano 2010 impúntanse os gastos da prestación deste servizo. En consecuencia, e tendo en conta que se descoñece a previsión do inicio da prestación do servizo, a verificación de existencia de crédito deberá pospoñerse a data na que se teña coñecemento do inicio da prestación. Cómpre destacar que as aportacións que por este gasto sexan efectuadas serán de imputación o capítulo 4 e non o 2, polo que, de ser o caso, será preciso adoptar as medidas orzamentarias que procedan. É preciso engadir que, para o caso de que a Mancomunidad chegue a licitar o contrato de xestión de residuos voluminosos, non será legalmente esixible o compromiso de “satisfacer as obrigas económicas que se deriven para o concello do presente contrato dentro dos prazos establecidos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación de Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e asume directamente as responsabilidades legais e económicas que lle correspondan polo incumprimento de ditos prazos” e iso porque non é Concello o que contrata e asume a obriga co licitador adxudicatario do contrato, senón que dita obriga lle corresponderá asumila á Mancomunidad, verdadeira administración licitadora a que se lle pode esixir o cumprimento da obriga de pagamento dentro dos prazos que esixe a normativa.

Sería preciso antes da adopción do acordo proposto que sexan emendadas as deficiencias observadas na consideración 3ª deste informe, co fin de permitir unha mínima seguridade xurídica á Corporación no exame do expediente e a adopción do acordo que corresponda. Este é o parecer non vencellante dos informantes, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito e/ou da superior autoridade corporativa.

Fene 24 de novembro de 2010

O secretario
Jesús Tallón García

A interventora
Marta Roca Naveira”

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que o BNG se abstivo na Comisión e se van a abster tamén no Pleno por varias razóns. di que cando se cambiou a empresa dos voluminosos se dixo que ía haber un aforro e unha mellor recollida, que ía ser diaria e que

se ía recoller nun contrato e di que non hai contrato nin recollida diaria, que esta reserva de crédito, segundo o que di o informe de Intervención, non dá garantía xurídica, aínda que están de acordo en que se poida prestar este servizo de xeito mancomunado e que pode ser unha vía de aforro para este Concello. Di que existe unha inseguridade xurídica dende o punto de vista do ditame do prezo tonelada que se establece no propio documento da Mancomunidade de Municipios e que ante a falla dunha seguridade, dende o punto de vista administrativo, o BNG se vai abster aínda que non se opoñen a que se fagan xestións deste sentido, xa que se poden facer, pero pensan que a proposta non ven con todas as explicacións e garantías que ao seu grupo lles gustaría.

De seguido pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que xa dixeron en Comisión que se lles pide que se aprobe algo sen ningún tipo de documentación, que o sr. Lourido González quedou en facilitarlles a información para este Pleno, cando menos, do estudo económico e todo o relativo que poida dar fe desto, polo que loxicamente non poden votar a favor por descoñecemento aínda que lles parece ben que se mancomune o servizo.

Seguidamente pide o uso da palabra o voceiro do grupo mixto Manuel Sánchez Martínez quen, unha vez concedido di que el non puido asistir a aquela Comisión pero di que lle parece ben que se inicien as xestións, que hai un prezo estimativo, que eles defenderon sempre que os servizos que presten os Concellos, cando se poida, se deben mancomunar, polo que van votar a favor.

De seguido intervén o sr. alcalde para dicir que esta actuación ven forzada pola negativa de Sogama de recoller os voluminosos dos Concellos de Galicia dende o ano pasado e que se buscaron diferentes alternativas para buscar solucións e dende a Mancomunidade xa dende un primeiro momento todos os Concellos de todos os signos políticos estiveron de acordo en mancomunar este servizo, cunha regra moi clara que era a de ofertar e pelexar xuntos para que os voluminosos de todos os Concellos obtivesen un mellor prezo que por separado, que froito disto se iniciou na Mancomunidade o procedemento para poder iniciar este servizo, que ademais é o primeiro que asume a Mancomunidade como tal dende hai anos, e se elabora un prego e unhas condicións para poder ser asumidas polos distintos Concellos, que son os que se presentaron na propia Comisión, que o primeiro paso é que todos os Concellos ratifiquen en Pleno este compromiso de reserva de crédito, que eles van votar a favor del xa que entenden que non só nisto, se non que en calquera servizo que se poida mancomunar entre todos os Concellos da comarca obterán, coma norma xeral, un mellor prezo e un mellor servizo, que en todo caso, toda a documentación e datos que se requiran serán facilitados e estarán a disposición de calquera grupo.

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 29 de novembro de 2010, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Oito (8), (dos sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira, Rey Sampayo e Sánchez Martínez).

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Nove (9), (dos sres/as. Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López, Pico Sanmartín, Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral e Franco Casal).

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

1º Comprometerse a reservar crédito polo importe de 42.120 euros para o financiamento do contrato de xestión de residuos voluminosos nos municipios da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol nos orzamentos dos futuros exercicios económicos que resulten afectados, sempre ben entendido que as obrigas económicas para o concello serán determinadas mensualmente pola cantidade de toneladas xestionadas polo adxudicatario procedentes do municipio. Así mesmo comprométese a satisfacer as obrigas económicas que se deriven para o concello do presente contrato dentro dos prazos establecidos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación de Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e asume directamente as responsabilidades legais e económicas que lle correspondan polo incumprimento de ditos prazos.

2º Notificar o presente acordo á Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol.

FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO

1º.- Comparecencia do concelleiro delegado José Antonio López Rodríguez, a petición dos grupos políticos municipais.

De seguido intervén o sr. alcalde para dicir que coma a última vez que se produciu unha comparecencia houbo algún debate ou interpretación sobre o ROF, antes de comezar quere deixar claro coma se vai organizar o debate, da conta do artigo 105 e 94 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que no Pleno ordinario de outubro este Pleno aprobou unha proposta do BNG pedindo a comparecencia do Presidente da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial e da concelleira responsable da Radio, que naquel momento o goberno votou en contra pretendendo introducir no seguinte Pleno, a pesar de que esta proposta quedou aprobada pola maioría deste Pleno, sen que aparecese na orde do día, que é evidente que tanto a votación en contra coma a posterior negativa a que aparecese na orde do día responde a un intento evidente de ocultar a iniciativa do BNG, xa que pediron no mes de outubro esta comparecencia porque entenden que se atopa, o equipo de goberno, nunhas vacacións prolongadas, a nivel de atención dos veciños, do movemento veciñal, dos grupos políticos e da propia xestión da Comisión que preside, que queren explicacións, esixen transparencia e demandan traballo na súa Área, que é obras e servizos, urbanismo e medio ambiente, que se trata dunha Área moi potente e debe de funcionar, que en marzo deste ano xa pediron a súa comparecencia porque vían con preocupación que os plans de obras e servizos da Deputación Provincial se ían perder, que estaban pasando os meses e os anos e os plans de servizos e de cooperación provincial do ano dous mil sete están e seguen sen se executar, que logo de que esta comparecencia do mes de abril, que eles pensaron que serviría de revulsivo, pero que lonxe disto a súa Área non foi quen de adxudicar ningunha obra destes plans, que Fene é o único Concello da provincia que ten dous millóns de euros sen gastar dende o ano dous mil sete, que hai algún Concello que pode ter unha obra por algún problema burocrático, por unha autorización ou expropiación, pero que só Fene ten os deberes sen facer.

Prosegue, o grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, preguntando cando se ten previsto aprobar a contratación das obras do POS 2007, respecto das obras do PCP Muro das Chancas, que comezaron en setembro e aínda está sen resolver o expediente de contratación e pregunta cando ten pensado adxudicar esta obra e que problema hai para non a adxudicar. Di que quere saber cantos metros de abastecemento ou de saneamento se colocaron no Concello de Fene nos derradeiros tres anos, que eles pensan se colocaron uns poucos en

Magalofes coma consecuencia dunha sentenza xudicial e pouco máis, a pesar de ter dous millóns pendentes de gastar subvencionados nunha porcentaxe do oitenta ou oitenta e cinco por cento. Di que No programa electoral do PSOE se comprometían a complementar o saneamento e abastecemento de auga no Concello, que dende o BNG están de acordo, que para eles é prioritario, e que houbo acordo político no Pleno de todos os plans provinciais nestes tres anos e medio, que non houbo oposición política ningunha, que con acordo e financiamento o único que falla é a xestión da concellería que preside o concelleiro Jose Antonio López Rodríguez, que queren que lles explique aos veciños coma é posible que logo de pactar todos os plans non se iniciou ningún, nin o do ano dous mil sete, nin ningún outro posterior, nin o plan de coordinación cos Concellos que é un plan cuatrienal, que é un plan moi ben programado por Deputación e que non foi coma un Plan E a un ano. Di que se pactou entre todos a renovación da auga na rúa da Fraga, rúa Alta e na avenida Naturais, en estradas principais de Fene e que seguen as roturas destes tramos un día si e outro tamén, polo que queren saber porqué non se iniciaron todas esas obras. Prosegue a dicir que o presidente da Deputación estivo no Concello hai uns días e dixo que estaba todo resolto, o mesmo que dixera que non sabía dos problemas que tiña Fene, que respecto dos plans dende o BNG non lle van preguntar máis, que a partir de agora van facer boletíns, notas de prensa ou o que poidan para facerlle saber á xente porqué non se fan todas aquelas obras que levan comprometidas dende o ano dous mil sete ao ano dous mil dez, que xa se aprobou este ano a do ano dous mil once e que é normal que a do ano que ven non se faga ata finais deste ano ou comezos do dous mil doce, que iso é tolerable, pero non votar un período de catro anos sen executar ningunha, que de feito os únicos plans que se fixeron neste Concello, e ademais quere felicitar expresamente ao funcionariado deste Concello xa que o Plan E do ano anterior se tramitou todo en prazo, grazas aos funcionarios e non á Comisión que vostede preside ou a súa xestión, que do Plan E deste ano, queren saber si están todas as obras adxudicadas, se van en prazo, se van estar rematadas en prazo e cantas van necesitar pedir prórroga para o ano dous mil once, que é unha posibilidade que contempla o Fondo deste ano, que non lles parece razoable que se estea a rematar o ano e non se teñan obras feitas, agás algún alumeado. Tamén queren saber se estas obras se axustan aos proxectos, xa que saíu na prensa algo ao respecto e houbo queixas de veciños sobre a cesión de Navantia para facer o aparcamento da Galescola, que eles ven que as obras avanzan e que hai un cacho do muro na zona cedida de Navantia que aínda está alí, polo tanto non saben si se axusta ao proxecto o espazo cedido e por outro lado, si se vai facer o aparcadoiro na totalidade do espazo cedido por Navantia. Di que en relación coas obras do Plan E do ano dous mil nove, que foron comezadas e rematadas en prazo, queren destacar que existen deficiencias en varias delas e cita a praza Verde, a praza do Ameneiral ou o viaduto de Vilanova e que detectaron que hai cousas que xa se romperon e queren saber si xa se iniciou, en aquilo que sexa imputable ás empresas adxudicatarias, expedientes de esixencia de reposición, xa que están en prazo de garantía.

Prosegue o concelleiro Manuel Polo Gundín dicindo respecto a Área de Servizos, que fundamentalmente se dedica ao mantemento de edificios municipais e bens municipais, queren preguntarlle ao concelleiro Jose Antonio López Rodríguez por aquel Plan de rebacheo sobre o que, segundo el, que medio mal lles contestou nunha Comisión, di que nunca acabou de contestar, aínda que si o fixo na prensa anunciando o devandito plan. Dende o BNG, di o concelleiro, obsérvase que logo daquel plan, hai camiños, que se fixeron na primaveira deste ano, e cita o camiño do Castelo, Fonte da Pedra, Almieiras, o Feal, o da Capela a Santa Ana, o de Trabanca, o de Lubián, que están nun estado deplorable e que seguen a deteriorarse polo que queren saber si ten algunha previsión, previsión con proxecto, memoria valorada ou algo que recolla ese Plan de rebacheos, xa que é de imperiosa necesidade pode dicir que o camiño de Casal Vello, o do Sartego, o de Tonecho, ou o do veciño que se ven queixando dende hai ano e medio e ao que non se lle votou nin un pouco de zorra, que está impracticable e así hai outros, coma o camiño de Mundín, que se trata de veciños que

estiveron aquí no outro Pleno, que aínda non sabe si se amañou ou non este camiño, que son camiños que se tivera a previsión de arranxalos minimamente antes de que comezara a chover se manterían nunhas condicións minimamente aceptables, que coma non se fixo así, a pesar do anuncio en prensa dese Plan de rebacheos, os camiños están en moi mal estado, polo que lle preguntan se ten algunha previsión para facer un Plan de rebacheos asfálticos, se ten algunha previsión de Plan de rebacheos dos camiños ordinarios con zaborra ou con outro material semellante. Tamén quere saber se xa ten aquel Plan de mantemento de zonas verdes do que di ten falado o concelleiro, que queren saber si ten previsto presentar algún Plan de limpeza de gabias, rexistros e cauces, di que esta pregunta era para a comparecencia, cando tocaba, que agora xa, co que leva chovido, xa case escusa limpar gabias porque a auga xa corre polas rúas. Di que queren que lles explique cómo é que permite que se deteriore o mobiliario urbano, as rúas, as beirarúas, os edificios municipais, coma exemplo o pavillón, que segue con sacos de area no tellado ou coma o tellado da escola de Magalofes que o estragou un dos últimos temporais que veu e que segue coas tellas movidas, que non entenden coma cousas tan sinxelas como trocar unhas lámparas que fan ruído nalgunha dependencia municipal, que fai insoportable o traballo normal nas oficinas, que son cuestións do día a día que non supoñen moitos cartos e que non se fan. Di que por outro lado lles sorprende que traballadores municipais vaian traballar a locais de entidades privadas, entidades asociativas, que unha cousa é colaborar, aínda que non sexa con cartos si con traballo en especie, pero non entenden coma se colabora co movemento asociativo tendo o panorama que temos no propio Concello, que é moi preocupante que non se atendan as necesidades evidentes e obvias e que tampouco se atendan as necesidades dos escritos que se presentan tanto dos veciños coma polas asociacións, que o escurantismo existe na súa Comisión, que nunca se preocupa de levar os escritos, as queixas, de explicalas e ver entre todos cal é a mellor solución, se é que a hai, que se ocultan os escritos e polo menos, dende o BNG, coñecen as peticións cando falan cos veciños pola rúa ou cos presidentes das distintas asociacións que lles dan as queixas dos distintos problemas que hai. Di que queren saber como se fan pintados de amarelo no Concello por parte de particulares, cando hai algún particular que di que a pintura lla deu o Concello, que logo cando salta a alarma se manda ao funcionario municipal a pintar de gris e que estas son cousas que son evidentes, que as hai que tratar con normalidade e transparencia e non así.

Prosegue a dicir o concelleiro Manuel Polo Gundín que na súa Área, cando fai a orde do día das Comisións van licenzas de obra, fundamentalmente, e queren saber si esas licenzas de obra van todas á Xunta de Goberno Local e si se aproban tal e coma se ditaminan na Comisión, que se isto é así, pregunta canto tempo tardan en aprobarse e ademais pregunta se todas as licenzas que van a Xunta de Goberno Local van á Comisión Informativa, ou hai dúas velocidades, que eles pensan que hai dúas velocidades porque teñen probas, sobre todo polas actas que lles deron o outro día, que teñen probas de licenzas que se dan na Xunta de Goberno Local que previamente non pasaron por Comisión Informativa, que para ser así as licenzas as deberían dar por resolución da Alcaldía, que o poden facer, e non ter que pasalas por Comisión, que se axilizarían os trámites e que os veciños estarían ven servidos, que dende o BNG a información a verían na dación de conta das resolucións nos Plenos e cando menos, se trataría por igual a todos os veciños, e este é o problema, non se trata a todo o mundo por igual e se oculta información aos grupos políticos, e pregunta, que se pode pensar cando os veciños veñen a solicitar unha licenza, pagan unha taxa e ven que todo o Concello está cheo de obras ilegais, que isto ao BNG lles preocupa moito, que a xente estaba xa educada a vir ao Concello para facer as obras e que isto agora non se está a facer, polo que queren saber cantos expedientes de disciplina urbanística teñen aprobado no último ano e medio na Xunta de Goberno Local e cantos foron executados, a cantos lles obrigaron a repoñer a legalidade, a pedir a licenza e facer o trámite conforme ao PXOM. Tamén pregunta polo feito que recolle a acta do vinte e nove de setembro da Xunta de Goberno Local na que se aprobaron un lote de licenzas de actividade que levaban varios anos paradas, licenzas que

autorizan a que os negocios funcionen e que non estean nunha situación precaria e susceptibles de que fosen denunciados, polo que pregunta cantas licenzas de actividade quedan sen dar.

Prosegue dicíndolle o voceiro do grupo municipal do BNG ao concelleiro José Antonio López Rodríguez, que lles preocupa moito o que non fai na súa Área que é dar explicacións das subvencións que perde, que perdeu xa unhas cantas, subvencións específicas para mellorar a súa área, que lle ten que lembrar aqueles noventa mil euros para maquinaria, aínda que digan que non está perdido, que cando menos se perdeu o tempo, pero que o que máis lles preocupa é a mala atención aos veciños, que lles escapa, culpabiliza a terceiros, tanto á oposición coma aos funcionarios ou aos veciños de que non lles deixa facer algo, que sempre é buscar un terceiro coma culpable, que cando se ve moi acurrallado mantén unha xuntanza, normalmente para dilatar máis no tempo o problema, que algúns exemplos están hoxe aquí no Pleno e, lle lembra o Pleno no que viñeron os veciños do único edificio con soto de San Valentín, que ten un problema de inundación dos garaxes e pregunta que fixo ao respecto disto, di que fixo unha reunión que logo se trasladou e á que non se lle deu ningunha solución e o momento de facelo é agora. Pregúntalle tamén cando ten previsto atender as peticións dos veciños do Sartego, que non pode implicarlles a eles a súa ineficacia, que se un veciño lle fai unha petición o normal é que a xestione, que se non ten capacidade para elo e ten que contar cos demais grupos da Corporación ten que sentarse e pedilo, que o seu grupo presentou un escrito por rexistro, xa que os veciños falan con eles, e viron que tiñan razón, polo que solicitaron unha reunión conxunta, que hai veces que hai problemas de cartos pero que no seu caso é un problema de vontade, xa que a xente entende perfectamente que lle digan que este ano non pode ser, que se fará para o seguinte, máis nun momento de crise coma no que se está, pero que non entende que lle escape á xente durante un ano ou dous e logo, por riba, reparta a culpa entre os demais, que eles presentaron unha proposta de orzamentos de mínimos nas que se incluían todas esas propostas das necesidades dos veciños e das asociacións de Fene, e di que é de mínimos porque con iso terían o seu apoio para aprobar os orzamentos, que no derradeiro Pleno aquí houbo varios veciños que fixeron varias peticións e non se atenderon, que todo segue igual no camiño de Mundín e no soto de San Valentín, que aos veciños do edificio das Pías seguen a sufrir inundacións nos garaxes e aos veciños do camiño da Carqueixa se lles prometeron o arranxo do camiño para setembro e aínda non se fixo.

Presegue dicindo o concelleiro Manuel Polo Gundín que os traballadores deste Concello lle pediron ao concelleiro delegado hai máis de seis meses que fose a un Comité de Seguridade e Saúde que foi en novembro, que asistiu pero non se enterou de nada, que os propios traballadores son os que teñen que executar moitas das funcións das que está a falar, que todo isto responde a súa falla de vontade, que esta comparecencia atende a súa falla de respostas en Comisión, a todos os escritos presentados e non atendidos, e cita por exemplo os rebacheos, camiños que se aglomeraron, escritos aos que a día de hoxe non se contestaron, coma o de Camiño de Mundín que aglomerou e di que non existe no PXOM, e ante a pregunta do BNG se contestou dicindo que non tiña por que dar explicacións, que isto se recolle na acta de abril e que cando ven cousas coma que se aglomera un camiño dunha APE e, ao mesmo tempo, que hai veciños ao que se lles di que os seus camiños non se pode facer porque están dentro dunha APE, ao BNG non lle parece ben. Prosegue, o concelleiro, a citar escritos non contestados respecto de petición de licenzas de veciños, traballos de aglomeración e asfaltado no Concello, refírese á solicitude do seu grupo dunha copia do contrato do Plan de limpeza de desbroces, a una un escrito onde lle preguntaban polo prezo hora do servizo de limpeza, polo contrato deste servizo e no que rogaban que se tomasen medidas concretas de cuestións concretas as que non se contestaron, e conclúe dicindo que eles teñen dereito a que se lles conteste por escrito o que se lle pregunta por escrito.

De seguido pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal quen, unha vez concedido di que apoian esta moción de comparecencia coma tamén a apoiaron no mes de abril, coma tamén pediron moitas veces explicacións cando se gobernaba en coalición e obtiñan a calada por resposta, pero daquela non se podía facer unha comparecencia por falla de maioría e agora cos votos do PP si se pode chegar a isto, que queren recordar que isto sucede dun ano cara aquí, que lle gusta esta tarefa de oposición do BNG, pero non se pode estar dando polos dous lados, sen asumir a responsabilidade que a cada un lle poida corresponder en todos estes problemas que hai aquí, que a responsabilidade coincide coa que se vendeu daquela aos veciños do desbloqueo dos plans provinciais, tanto por parte do PSOE coma do BNG. Di que saíu na prensa que foi o grupo de goberno a unha entrevista na Deputación na que se solucionara todo, que todos os problemas que había nestes plans provinciais só proviñan dun sitio, da Secretaría que había no Concello e di que iso era mentira, que se vendeu que chegaran a un acordo que consistía en que a partir dese momento, cada un dos expedientes ía ser informado polo equipo redactor do PXOM e que con isto os plans quedarían desbloqueados, que disto xa van camiño de dous anos para o mes de xuño, polo que o BNG ten que asumir a parte de responsabilidade do bloqueo dos plans provinciais. Di que o goberno sempre contou co apoio da oposición para aprobar todas estas obras dos plans provinciais, que o PP nunca se opuxo a ningunha inclusión destas obras nos plans provinciais, que eles participaron neste pero é o goberno o que o ten que xestionar. Di que previa á comparecencia, eles pediron que se levase á Comisión unha relación de todas as obras aprobadas polo Concello durante esta lexislatura, cunha explicación, e se lles deu unha relación, nada máis. Pregunta, onde está o trámite administrativo de todo isto, di que non saben o estado actual das obras ou se están pendentes dalgún trámite coma pode ser unha autorización sectorial, que coma vostedes non deron conta de nada disto eles foron á Deputación a preguntar isto, e non van entrar a relatar o que falta de cada unha destas obras, xa que sería moi longo, pero di que os veciños deben saber que no POS 2007, no que se inclúe entre outros o abastecemento en Almieiras, o saneamento no camiño de Lubián, en Pontecancelas, Cucallo e demais, ningunha destas obras están completas, xa que todas teñen algo, problemas técnicos, falla de permisos, falta de modificacións ou se pediron modificados, é dicir, que resulta que o que está aquí paralizado tamén bloquea o resto, que lles dixeron que mentras non se desbloquee o ano dous mil sete e se executen non se pode pasar ao dous mil oito, que este plan volve ter os mesmos problemas que ten o do ano dous mil sete, co cal se volverá outra vez a retrasar, que isto esixe xestión, traballo e dedicación, e lle di ao sr. alcalde que non se pode dedicar tanto a outras cousas, que hai que olvidar o partido e que ao Concello se ven a traballar para os veciños, que hai que esquecer as actividades paralelas. Di, respecto da obra do Muro das Chancas, que é a única obra que vai un pouco avanzada, que cando menos existe unha mesa de contratación pero que en Deputación non o teñen claro, xa que recibiron un modificado e din que non se vai poder executar, que é tontería falar dos plans dos anos dous mil oito, nove e dez mentras non se desbloquee o do ano dous mil sete. Prosegue dicindo que hai algo máis grave, do que se enteraron na Deputación, e que eles consideran moi grave o tema das obras do PCC 2008, renovación das redes de abastecemento da auga na avenida Naturais e na rúa da Fraga e renovación das redes de distribución na Porta do Sol, que non están aprobadas polo Pleno da Deputación, xa que faltan permisos e autorizacións, neste caso por parte de Fomento, respecto da N-VI, que teñen deficiencias e que se trata de proxectos moi importantes.

Prosegue o voceiro do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, dicindo que respecto do tema do Plan E se xestionou, que houbo que facelo si ou si, e así se fixeron as obras que se fixeron, coma a obra baixo a ponte da autoestrada, obra recepciónada polo Concello que ninguén se atreve a inaugurar. Que respecto dos rebacheos, limpeza de gabias, as beiravías e demais di que xa o levan pedindo eles dende hai tres anos, ou tres anos e medio, que lles gusta que o BNG, que está agora na oposición, se sume a isto, pero que cando estiveron no goberno

puideron ter feito máis, xa que non toda a culpa é deste concelleiro se non que é do goberno que naquel momento o estaba apoiando e sostendo. Respecto da comparecencia do concelleiro no Comité de Seguridade e Saúde di que lle deu vergoña allea, xa que había un representante de cada grupo político, catro representantes dos traballadores o concelleiro Lourido e o vostede, sr. López Rodríguez, xa que iso máis que un Comité de Seguridade e Saude semella unha comisión de mantemento, xa que de seguridade e saúde se falou moi pouco, cristais que faltan, luces que non hai, persianas que se caen e todo iso é mantemento de todos os días, que lle preocupa o feito de que o concelleiro a todo lle di que si pero non apunta nada, aínda aquí, que se están a pedir cousas das que quedan constancia nas actas non se fan, aínda menos se fan de oído.

Continúa a dicir o concelleiro Gumersindo Pedro Galego Feal que non comparten o criterio que dicía o voceiro do BNG respecto das obras sen licenza, que evidentemente saben que hai persoas que si poden se libran de poder pagar unha taxa por licenza, que diso non se lle pode votar culpa, agora se ten coñecemento de que isto é así hai que actuar, que hai que recordarlle ao BNG que, obras menores a parte, hai obras maiores en Fene feitas nas épocas nas que gobernaron que non teñen licenza, que non se poden borrar vinte e oito anos así de golpe. Di que a mala atención aos veciños é evidente, non só por parte do concelleiro se non que tamén por parte do sr. alcalde, que todo isto ten que incidir en algunha responsabilidade do sr. alcalde, que si o concelleiro non é quen de sacar adiante todos estes plans provinciais, o alcalde é o último responsable e polo tanto terá que poñer outra persoa no seu sitio ou xestionar directamente esas obras, que sería mellor que xestionase isto e non facendo outras cousas coma se ve nos xornais. Di que hai un gasto excesivo de persoal que se contrata de empresas auxiliares coas que se mantén unha débeda importantísima e non repercute para nada nos servizos que se prestan en Fene.

Seguidamente pide o uso da palabra o voceiro do grupo mixto Manuel Sánchez Martínez quen, unha vez concedido di que vai ser moi breve xa que o que pediu a intervención foi o BNG e fixo unha exposición ampla. Di o concelleiro que o BNG tamén estivo gobernando ano e medio e que algunha responsabilidade tamén terán, que o que interesa aquí é que se contesten o xa preguntado polos anteriores grupos e logo fará a valoración pertinente, que o que si ven dende o seu grupo é que os veciños teñen bastante falla de atención, pero dende o principio da lexislatura, que si queren que o Concello funcione, hai que dedicar bastante tempo, que isto xa se dixo en tempos do bipartito, que había pouca atención e pouca dedicación, cousa que tamén lle recorda ao sr. alcalde para que dedique máis tempo aos veciños.

De seguido intervén o concelleiro de Obras e Servizos José Antonio López Rodríguez, que di que vai comezar respondéndolle ao voceiro do grupo municipal do PP respecto das Comisións, dicindo que nestas se dá conta do que pasa durante o mes, que se está intentado levar, sobre todo ultimamente, todos os escritos e queixas que están chegando ao longo do mes, que hai moitas preguntas que se poden facer nelas, que o Pleno é máis para temas políticos e non de xestión, que hai temas que si se preguntasen nas Comisións, onde practicamente non se fan preguntas de ningún tipo, non terían que vir ao Pleno. Respecto da atención aos veciños el pode dicir unha cousa e eles opinar outra, que respecto dos veciños de San Valentín que viñeron ao Pleno di que o seu asunto foi tratado con Aquagest, que se tratou cós técnicos municipais, que se buscou un día pola tarde para facer unha reunión na que puideran estar todas as partes, que se fixo un venres pola tarde e se atopou unha solución que podía ser viable, que partía de facer un levantamento topográfico da zona onde está o edificio de Mercadona para unilo con unhas pluviais, estudo que se encargou o luns á empresa Proyfe, levantamento que agora mesmo ten Aquagest para estudar se iso é viable, que se está á espera de que estes o remitan ao Concello e que poida ser informado polo enxeñeiro municipal para poder pechar o caso, que a el lle gustaría que xa estivera feito, pero

hai que esperar a que respondan. Respecto dos veciños do Sartego, da rúa San Xiao, di que é unha rúa que está co ancho que marca o PXOM, que se ve que non ten ningún problema para facer un asfaltado, incluso para instalar acometida de auga, que lles gustaría buscar entre todos unha solución para poder facer isto, e non ter que votar zahorra e que ao día seguinte estea toda no fondo do camiño, pero tamén se atopan cun plan de urbanismo, con dúas APE no Sartego, que non se pode facer nada ou practicamente nada nelas, que actualmente se está a modificar o plan e se vai poder modificar isto, no senso de poder romper esa barbaridade que hai feita no Sartego. Respecto do camiño de Mundín, logo do Pleno mencionado, se quedou cos veciños e se foi ver o camiño, logo veu algún día de temporal e non se puido actuar, a isto se suma que polo estreito do camiño as máquinas do Concello non pasaban, polo que se falou cunha empresa externa para que cun tractor poidera votar zahorra, feito isto, ao día seguinte choveu e levou toda a zahorra, polo que se volveu zahorrar, que estas actuacións provocaron que o veciño de abaixo, do outro lado do camiño, fose perxudicado, xa que a súa propiedade foi parar toda a zahorra e a tivo que sacar a paladas da súa terraza día si e día tamén, que a solución probablemente sería que Medio Rural.

Prosegue dicindo o concelleiro de Obras e Servizos, José Antonio López Rodríguez, respecto da atención aos veciños que se pode mellorar, di que el ten dous días de atención ao público, que aínda que non estea el sempre hai concelleiros, coma pode ser o de Urbanismo ou á de Medio Ambiente que poden atender aos veciños, que isto pode ser mellorable, que se houbera máis dedicacións exclusivas seguro que melloraría moito máis, pero que moitos dos que están aquí teñen unha vida pública e política e logo un traballo privado, que á política lle dedican tempo, pero igual non todo o que lles gustaría dedicar.

Continúa a contestar o concelleiro José Antonio López Rodríguez ao respecto de se as licenzas de obras van a Xunta de Goberno Local e di que todas as licenzas que se ditaminan o último venres de mes na Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial que teñen as propostas feitas van o seguinte xoves a Xunta de Goberno Local, que por exemplo houbo unha excepción este venres que non se aprobaron, que logo de preguntarlle ao secretario soubo que non estaban elaboradas as propostas, polo que se aprobarán o xoves que ven ou se fará unha sesión extraordinaria, que respecto se hai algunha licenza que vai directamente a Xunta de Goberno Local sen pasar por Comisión, pois si, que é certo que son licencias moi excepcionais e que van xustificadas por algún prazo, algunha urxencia, algún tema bancario ou semellante, que respecto dos expedientes de disciplina urbanística aprobados e executados e as licenzas de actividade os datos numéricos non os ten para dalos no Pleno, pero se compromete a levalos á vindeira Comisión de Desenvolvemento Territorial, pero que ata onde el sabe se están tramitando con normalidade e dentro dos prazos que se marcan.

Prosegue a contestar en relación ao plan de rebacheos dicindo que se deu conta na Comisión en resposta a unha pregunta da concelleira Inés Roca Requeijo, tanto dos rebacheos coma dos novos asfaltados, incluso do que costou cada rebacheo e cada asfaltado, que respecto do rebacheo, que foi con aglomerado en frío e limpeza da focha se fixeron actuacións e cita, a avenida do Mar, o colexio de San Valentín, a rúa Telleiras, na Casa da Cultura, na Torre e varios ramais, o aparcamento de Erosqui, o camiño do campo de fútbol, a rúa Alta e ramais, Santa Ana, río Cádavo, rúa Belelle, Barreiro, Marraxón, na zona do local social de Magalofes, Souto da Ribeira, rúa Unión, a Pomba, Torreiro, Chousas, a praia de Almieiras e ramais, Romariz, Cadavás, o Casal, acceso a praia de río Sandeu, acceso do polígono de Vilar do Colo, rúa Oliveira, no Sartego, na rúa río Cádavo, en Mundín, na rúa Queiroga. Di que non ten neste momento a contía total pero que se deu conta en Comisión e dos asfaltados que se fixeron camiños enteiros xustificados polo mal estado no que se atopaban como foi o camiño de Lourenzá en Limodre, o camiño de Cocallo en Barallobre, a costa da Lagarteira en Sillobre, se asfaltaron enteiros ou por tramos onde peor estaban, xa que os cartos tampouco daban

para máis, tamén foron os Casais en Loira, Castro na corredoira do Medio, Formosende e algún ramal, a rúa das Chousas, a zona de Fonte do Campo, algún ramal en Redondo Magalofes, en Lubián se asfaltou algún tramo, en Ribeira no Beelle, en Buyo, Palloza, nos que ademais de tapar as fochas se lles deu algún rego asfáltico. Prosegue dicindo que dende o grupo de goberno pensan que hai algúns puntos que son básicos, coma son o asfaltado, o mantemento das iluminacións, a auga, as recollidas do lixo, que son cousas que lles parecen de primeira necesidade, que chegarían a máis se tiveran máis cartos, que dende a Concellería non descarta facer outro plan de rebacheo cando mellore o tempo e se hai cartos, xa que quedaron moitos sitios sen asfaltar, coma di o voceiro do BNG, e que da relación que lles facilitou o persoal de servizos do concello dos camiños en mal estado, houbo algún que non se puido asumir, que quedou algún camiño na Curveira e noutros sitios, di que antes das eleccións municipais se fixera uns rebacheos e uns asfaltados, case coincidindo coas eleccións, e que dende aquela non se fixera nada, que tres anos dan para moito e que eles consideran que isto é moi importante no día a día do Concello, que por iso se fixeron, que a previsión de camiños para tratar con zorra tamén a teñen e que se están a facer actuacións en camiños, que nalgúns hai problemas como no camiño de Mundín, que o que é bo para uns e malo para outros.

Prosegue o concelleiro, José Antonio López Rodríguez, dicindo respecto do plan de mantemento de zonas verdes, que a concelleira de Medio Ambiente ten un plan de mantemento aparte da avenida das Pías, que é o único que pesan que se está a facer, tamén se están a facer máis cousas, que hai unha programación para todos os parques e zonas verdes do Concello. Que respecto as gabias, rexistros e taxas di que tiveron a dúas persoas da Brigada de Obras e Servizos dedicándose exclusivamente a isto logo do verán, cando estaba o cadro de persoal completo, que respecto do pavillón de San Valentín e a escola de Magalofes o foron ver, que no pavillón hai que mellorar a cuberta, pero teñen que facer un traballo previo de seguridade para poder acceder a cuberta a reparala, que os técnicos municipais están agora traballando neste e outros temas que irán saíndo pouco a pouco. Respecto do asunto de que hai funcionarios traballando para o movemento asociativo di que cando as asociacións lles piden axuda, sempre atopan a alguén que poida ir votar unha man, que por exemplo esta fin de semana é o Scratch Fene e dende Servizos se lle está a votar unha man á organización, que a disposición deste Concello é sempre a de axudar, na parte que lle corresponde, a desenvolver distintas iniciativas. Prosegue contestando respecto do pintado de amarelo de particulares e di que el non lle deu pintura a ninguén, que descoñece que se estea facendo isto dende o Concello, que outra cousa é algún caso no que se produciu un erro no pintado unha praza e que logo se foi borrar en pintar axeitadamente.

Continúa a respostar o concelleiro José Antonio López Rodríguez respecto das obras do Plan E do ano pasado nas que se detectaron deficiencias, e di que hai por exemplo para a praza Verde ou da praza do Ameniral que hai informes por parte do director da obra e autor do proxecto e que xunto co enxeñeiro municipal, están a ver coma executar a garantía se a empresa non acaban de amañar o que estaba mal. Que respecto do Fondo estatal para o emprego e sostenibilidade local deste ano ante a pregunta de si se axustan aos proxectos di que as obras se axustan todas e cada unha delas aos proxectos, que respecto das prórrogas para as obras vanse pedir nestes días, que están á espera para ver si se remata algunha máis antes de que acabe o ano, que xa está rematado o parque infantil, as iluminacións, xa se suministró o mobiliario para Servizos Sociais e está gardados na nave do Concello, di que están en execución o aparcamento para a Galescola e o edificio, para Servizos Sociais, que probablemente se teña que pedir prórroga para estas dúas obras se non rematan antes de fin de ano, e que hai tres pendentes que é a obra da wifi, que o enxeñeiro municipal coma non técnico nesta materia se pediu un informe externo a un enxeñeiro de telecomunicacións, que achegou un primeiro informe que xa foi visto polo enxeñeiro, que coma non resolvía todas as dúbidas que había se pediu outro segundo informe que si que valeu, que xa está no Concello

e que ao longo deste mes se adxudicará a obra, que algo semellante pasa co soterramento da liña de San Valentín, que hai un acordo a tres bandas entre a Xunta, Fenosa e os veciños polo que cada parte financiaba un terzo do importe da obra, Xunta e Fenosa financiarían a obra eléctrica e o Concello, co seu terzo, a obra civil, polo que o Concello decidiu poñer a súa parte con cargo ao financiamento deste Plan, que nesta obra hai varios problemas, o primeiro é que na primavera a Xunta alegando obrigas da Unión Europea anulou as axudas eléctricas por esta vía, logo que Fenosa dixo que sen subvención da Xunta non podía executar a súa parte da obra, co cal tiveron que buscar o xeito de retomar ese tema, por iso se reuniron coa Xunta en varias ocasión para tratar este tema e no mes de setembro a Xunta accedeu ao financiamento da obra con outros cartos, que logo de desbloquear esta parte só faltaba o escrito de Fenosa para o desbloqueo da obra, que xa o ten, que a documentación da cesión do centro de transformación xa está no Concello polo que se vai licitar neste mes estas dúas obras.

Prosegue a contestar o concelleiro José Antonio López Rodríguez respecto dos plans provinciais dicindo que están condicionados os plans provinciais á execución do POS 2007, do PCC 2007 e do Muro de contención das Chancas, respecto desta última obra di que está en fase de licitación, que o enxeñeiro municipal ten un informe respecto das baixas que fixeron as empresas do plan de execución, que se vai levar á próxima mesa de contratación e con isto xa quedará adxudicada esta obra, que o resto do PCC, que é un paquete de obras que inclúe a pavimentación de varios bloques de San Valentín, o camiño de Lomba a Romaríz, abastecemento no camiño de Boado e demais está tamén aprobado pola Deputación, se está á espera de que se termine a operación de crédito coa que se van executar todas as inversións. Respecto do POS 2007 di que teñen toda a documentación e permisos que precisan, que só falla que lle chegue un cheque de ADIF por mil setecentos setenta e tres euros que foi adiantado por fax, que logo deste pagamento, co resguardo, se achegará á Deputación e que así quedará desbloqueado esta obra. Di que tamén hai outros plans provinciais que xa teñen todos os permisos e que ao longo deste mes se achegarán á Deputación, para que esta, no vindeiro Pleno poida aprobar o POS 2007 e dous ou tres máis, sempre que a documentación estea coma esperan que estea, que ao Pleno de xaneiro da Deputación irán varios plans de Fene, que o que agora lles condiciona o resto das obras, repite, é que se faga o POS 2007. Di que este asunto tiña varios problemas orixinalmente, que un deles eran os informes xurídicos e por iso se chegou a un acordo coa Deputación para que foran os redactores do PXOM de Fene quen fixeran un informe externo, cousa que foi feita hai uns meses, que logo de elaborar os informes se pediron os permisos para facer as obras, permisos que foron chegando e que neste caso ADIF tardou moito en responder.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que sabe que o BNG estivo trinta anos no goberno deste Concello, que comprende perfectamente que estean sorprendidos de que o BNG hoxe en día sexa quen de facer oposición neste Concello, que ademais sexa mellor oposición que a do PP que leva trinta anos na oposición, que o BNG no goberno fixo todo o posible para que os veciños estiveran todo o mellor posible e así o dixeron os veciños durante moitos anos, que fixeron todo o posible para que o goberno bipartito que asinaron co PSOE funcionase o mellor posible e logo de ver que non funcionaba, que non se cumpría aquel acordo decidiron unilateralmente rachalo, que ninguén os votou, que se foron eles, entre outras cousas porque vían un retraso flagrante e unha desatención importantísima por parte de moitos membros do goberno, que falla a primeira Comisión na que o BNG non respondera ou que non levara información ás Comisións, que se algunha vez o fixeron esa información se levou á seguinte, que a el non lle preocupa nin o máis mínimo as críticas de que estiveran no goberno, que alguén tiña que gobernar e mentres lle tocou a eles o fixeron o mellor posible e que agora que están na oposición a súa obriga é atender aos veciños e esixir ao goberno que cumpra cos veciños, que cumpra cos acordos e cos planes deste Concello. Di que

lamentablemente seguen sen entender o exposto polo presidente da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial, que é o problema básico fundamental, que hai un problema de capacidade de comunicar, que agora resulta que falla un problema dun pagamento dunha autorización, e di que se hai que mover, que vai acabar a lexislatura, e el fixo moi pouco, que dende o BNG están moi decepcionados porque se dilapidaron catro anos de investimento nos que se poderían ter investido máis de dous millóns euros neste Concello, que darían traballo e mellorarían as condicións de vida dos veciños. Di que o concelleiro de obras alega que no Sartego hai unha APE e el di que hai dúas, que no camiño da Queiruga hai outra APE e o aglomeraron completamente, que iso o mandou facer o concelleiro de Obras e que non lle pediu ningún papel nin a el nin a este Pleno municipal, que el quere ver onde está ese proxecto, onde está ese procedemento, que llo pediu por rexistro e llo preguntou no Pleno e volve preguntar como se aglomerou o camiño de Mundín e os outros, que todos están a favor de que se fagan as cousas, sobre todo cando hai xente diante, pero que o que non vale é utilizar os veciños coma arma contra a oposición, que si non é quen de atender ao público, pídlle que renuncie, e dille ao sr. alcalde que lle quite funcións, que lle quite o mando, que faga algo, que van chegar a maio as eleccións e di que eles so poden prometer o que non fixeron, que xa sabe que todos teñen vida pública e privada, que el, sempre que pode lle contesta a todo o mundo ao teléfono, pero que se o concelleiro ten un teléfono que pagan os veciños e veciñas de Fene ten que responder a el, que caso contrario ten que apagalo, que non o atende a el nin aos seus compañeiros de corporación e que tampouco atende aos veciños. Prosegue a dicir que se alegra de que non se salten as licenzas agás aquelas que teñan criterios de urxencia, que lle semella un criterio moi prudente, lles parece moi ben que xa teña ese plan de rebacheos redactado, que lle parece moi ben que teña un plan de mantemento de zonas verdes, que eles llo pediron en marzo por escrito e reitera a súa petición de que llo dean por escrito.

Prosegue a dicir o voceiro do BNG, que respecto do Plan de emprego e sostibilidade local o concelleiro de obras di crer que se vai ter que pedir prórroga, que se está no último momento do ano e se non rematan agora é evidente que a hai que pedir, que o aparcamento da Galescola non está nin case que acabado, que esta semana que ven é libre na construción e logo cos festivos da navidade pensa que non lle quedan días ao mes, que hai que pedir prórroga para todas as obras, que están retrasadísimas, que disto non deu conta en Comisión, que non deu conta de que lle falta o trinta por cento do investimento no soterramento das liñas eléctricas de San Valentín, cando é unha cuestión que levantou polvareda no Concello e entre os veciños pola prepotencia de Fenosa, que entre todos aceptaron e asumiron facer un investimento coa dúbida de se era competencia do Concello ou de Fenosa, pero que está asumido, que había cartos do Plan E e decidiron facelo polo ben do barrio de San Valentín, para que ese barrio teña corrente eléctrica para moitos anos, e que agora, que veñan a saber no Pleno, por que na Comisión non se dixo nada, que falla o trinta e tres por cento do investimento sorprende, que non sabe a que si se está a esperar que a Xunta diga que non o pode facer e logo votarlle a culpa, que dende o BNG o que queren é que se resolva o problema, que é preocupante que non dera conta do problema e menos da solución, que afortunadamente Fenosa deu corrente, os ascensores funcionan e os veciños están tranquilos.

Continúa a dicir o voceiro do BNG que lle parece moi decepcionante as respostas que deu o concelleiro José Antonio López Rodríguez, que dixo que contesta nas Comisión e se iso fose así non lle farían este interrogatorio no Pleno, que si contestara aos escritos non lle farían vir aquí a dar conta, que vacila á oposición e engana aos veciños ou busca un terceiro para culpabilizalo, que polo ben da xente e de Fene lle pide que traballe e lle pide ao sr. alcalde que lle reduza competencias e que colla o alcalde o timón para xestionar directamente os plans, que ao seu grupo non lle vai quedar máis remedio que reproducir boletíns, coma xa teñen feito, reproducir accións informativas para que a xente saiba a realidade deste Concello,

que levan catro anos cun volume de investimento grande sen executar unha parte e outra mal executada, que é o que non se pode tolerar.

De seguido pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Galego Feal quen, unha vez concedido di que o BNG gobernou trinta anos neste Concello e o PP estivo na oposición, que por iso son profesionais da oposición no Concello de Fene, que por iso o BNG agora quere estar deste lado, que ese é o problema concreto de Fene, que en Galicia o BNG está na oposición, que agora entre BNG e PP so hai cento sesenta votos, logo de que o BNG chegara a ter trece concelleiros. Que respecto do dito polo concelleiro de obras di que os escritos que presentan os veciños se levan agora á Comisión logo das protestas que leva soportado na propia Comisión, xa que eles mesmos chegaban á propia Comisión con escritos que lles daban os veciños co selo de entrada, xa que eles están na rúa e en contacto cos veciños, que os escritos se metían nunha carpeta sen máis, que agora o goberno vai presentando algún, pero aínda así non todos, que respecto a que nas Comisións non se fan preguntas di que ao mellor hai un exceso de preguntas no Pleno, pero que el mesmo lle preguntou en Comisión tres veces polo proxecto do camiño de Chamoso e aínda non llo deu, igual que o do camiño de Mundín que tampouco llo facilitou, que respecto do retrasos de permisos ou licenzas que dependen da Xunta de Galicia, pero que o concelleiro está aquí dende o dous mil sete, que en relación á vida pública e privada di que todos a teñen, que cando se pertence a unha institución deste tipo hai que valorar os pros e os contras, que si non quere estar que non estea.

Prosegue a dicir o voceiro do grupo municipal do PP que coma exemplo da xestión do concelleiro de Obras, segundo o dito polo voceiro do grupo municipal do BNG, se pode ver nos metros de abastecemento e saneamento instalados, que non hai ningún, que por sentenza xudicial fixeron en Magalofes, polo que en tres anos e medio non se fixo nin un metro. Di que a Concelleira de Medio Ambiente ten un plan, pode ser certo pero dende logo non o executa, xa que no tema dos parques se di moitas veces en Comisión, que lembra que se lle dixo que o parque da Hortiña en Limodre nin o de Magalofes, ao que ela respostou e que tamén faltaban outros, pero que iso non é un plan, que o plan só foi a mediana das Pías e o xardín de San Valentín, que respecto do pavillón de San Valentín lle dixeron ao sr. concelleiro que retirada os sacos do tellado, que lle dixeron que contratara unha empresa especializada, que non fosen os empregados do Concello aos retirar, pero non se fixo ningunha xestión, que na anterior intervención non dixo nada de que algún funcionario ou operario do Concello preste servizo ás sociedades, que é lóxico colaborar con eles igual que ás veces eles colaboran co Concello, que non teñen nada que dicir, di sobre o pintado das prazas que aparecen e desaparecen que é grave, que saben que non é culpa do concelleiro pero que hai cousas coas que hai que ter máis coidado, que respecto da garantía da praza Verde di que lle recordaron hai pouco que se repuxesen as luminarias, que sobre os problemas da obra eléctrica de San Valentín os acaban de coñecer agora mesmo, que non sabían nada do asunto do financiamento, que a primeira vez foron todos a facer a negociación e agora resulta que nin sequera este asunto se leva á Comisión Informativa, que o que pasa é que non se informa e non se traballa, que acaba dicindo aquí o que din eles, que os plans da Deputación están condicionados a facer o do ano dous mil sete e que hai temas pendentes para os poder aprobar, que conclúe dicindo que o presidente da Deputación veu dicir aquí que ía desbloquear dous coma dous millóns de euros e é mentira, é imposible porque mentras non se desbloquee o ano dous mil sete non se desbloquean os anteriores e eles non se creen que teñan a tramitación administrativa feita para que despois se podan aprobar eses plans, que o primeiro Plan E foi un desastre, o segundo Plan falla a xestión por todos os lados, que dos plans provinciais están coma din eles e rogan que fagan algo e que o fagan xa.

Seguidamente pide o uso da palabra o voceiro do grupo mixto Manuel Sánchez Martínez quen, unha vez concedido di que a maior parte das cousas quedaron sen contestar, que seguen aí as preocupacións.

Neste momento auséntase da sesión a concelleira Inés Roca Requeijo.

Continúa o concelleiro Manuel Sánchez Martínez dicindo que chama a atención o tema da obra de San Valentín que pensaba que estaba solucionado e semella que non o está e que espera que non se perdan subvencións, que o seu grupo está disposto a colaborar e apoiar as xestións nese senso.

Neste momento auséntase da sesión o concelleiro Juan José Franco Casal.

De seguido intervén o sr. alcalde para dicir que ao final gobernar e sacar adiante proxectos, ademais de presentalos, planificalos e consensuar obras significa tamén resolver dificultades que xorden no camiño e que xorden case sempre, que nestes tempos hai bastantes máis, tanto políticas coma económicas, que significa traballar e sabelas sacar adiante, que se algo fixo o goberno municipal nestes anos foi fundamentalmente iso, e moi especialmente co tema dos plans provinciais, que xa se dixo moitas veces que eles chegaron a este Concello o ano dous mil sete cuns plans provinciais aprobados do ano dous mil seis e dous mil sete, xa que se aproba antes do Nadal de dous mil seis, que tiñan exactamente as mesmas dificultades que tiveron posteriormente os plans que se aprobaron con esta Corporación que eran os informes que había por parte da Secretaría municipal, que é certo que Fene é o único Concello que ten neste momento sen executar, pero que tamén é certo que Fene é o único Concello que tiña eses informes de Secretaría nos seus plans provinciais, que se algo fixo o goberno foi garantir e conversar coa Deputación Provincial, que a pesar diso a Deputación investiu máis en Fene que o que se fixo calquera outro ano, que se falou co presidente da Deputación e que se conseguiu salvar ese investimento, que se vai investir en Fene.

Neste momento incorpórase á sesión a concelleira Inés Roca Requeijo.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que para rematar que no ano dous mil sete, en xuño, só quedaba por recepcionar o POS 2006, que se estaba a executar.

Neste momento incorpórase á sesión o concelleiro Juan José Franco Casal.

Prosegue o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín dicindo que en todo caso se executaba un POS en cada ano, que o seu grupo colaborou con este goberno para desbloquear os plans provinciais, precisamente porque o responsable dos plans provinciais é foi un deputado do BNG e que acompañaron ao alcalde para falar co presidente da Deputación e co responsable dos plans e que foi a súa vontade, a de votar unha man, a pesar de estar na oposición, xa que no fondo querían que isto avanzase, que están falando de decembro de dous mil nove, que dende o BNG seguen estando dispostos a votar unha man a este goberno ou ao que toque, que se lles toca a eles estar nel perfecto e que se lles toca estar na oposición porque a xente así o queira, tamén, que queren o mellor para o Concello e sobre todo para facer as obras que están pactadas entre todos, que o que pasa é que esixen transparencia, traballo, dedicación e compromiso, e eles non comparten esas premisas, caso contrario non lles queda máis remedio que traer aquí ao goberno para que dea explicacións á xente.

Neste momento auséntase da sesión o concelleiro Edgar Antonio Vigo López.

De seguido intervén o sr. alcalde para dicir que pensa que houbo un mal entendido respecto do investimento da obra de Fenosa, di que non se perdeu o financiamento, que está garantido, que houbo no trámite da obra un problema, e se solucionou, que si non se solventase se volvería tratar cos grupos municipais e cos veciños, pero que en todo caso o financiamento está garantido e resolto.

Neste momento incorpórase á sesión o concelleiro Edgar Antonio Vigo López.

2º.- Comparecencia da concelleira delegada María del Carmen Silvar Canosa, a petición dos grupos políticos municipais.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que tamén pediron a comparecencia da concelleira responsable da Radio municipal motivado por unha cuestión concreta que é, dende o seu punto de vista, da falla de transparencia motivado polo feito de que dende setembro deste ano se suspenderon, unilateralmente e por orde súa, tres programas da radio: a Bancada, a Volta á Ría e a Fenestra, programas de radio de carácter deportivo, diario e de fin de semana, programas cunha interese social moi alto, que recollían a realidade deportiva e a realidade do movemento asociativo e cultural de Fene e da comarca, que viñan funcionando dende hai moitos anos, que coincide que con que en agosto non se fixeran Comisións Informativas, argumentando que non había asuntos que tratar cando estes programas de radio xa foran suspendidos antes da data na que tocaba esta Comisión. Di que o Concello de Fene conta cun Consello da Radio, órgano asesor e de representación no que hai participación dos grupos políticos, dos propios traballadores da radio e do movemento asociativo, que eles pediron que se convocara, que se deran neste foro as explicacións concretas, que viron escritos que se cruzaron por rexistro municipal entre a concelleira e o encargado da Radio municipal que facían alusión á necesidade e dificultade de facer a programación do curso dous mil dez dous mil once sen contar con dous profesionais que se ían dedicar a outras tarefas, que o seu grupo presentou escrito por rexistro no que solicitaban saber cales ían ser as tarefas destes traballadores, cales eran as súas contratacións e que era aquilo tan importante que provocou o desvío de efectivos dun servizo público para outro, que descoñecían cal eran as urxencias ou necesidades, que en definitiva, que se fixo unha actuación escura, nada clara e unilateralmente, e que dende o seu punto de vista non responde ás necesidades dos veciños, dos clubs deportivos e do movemento veciñal xa que agora teñen unha radio con menor capacidade informativa, que eses traballadores seguen afortunadamente traballando no Concello, pero non traballando naquelas funcións para o que están contratados, que eles queren deixar claro que o BNG tiña e ten un proxecto da Radio municipal, que teñen unha idea clara do que queren para a radio e que no ano dous mil cinco se aprobou un convenio coa Asociación Galega de Emisoras Municipais polo cal se ampliaba a oferta radiofónica sen un custe directo para o Concello, e que tiñan a idea de aumentar, no posible, os ingresos por outras vías, subvencións ou publicidade, para poder minorar os custes da Radio.

A continuación auséntase o concelleiro Manuel Ángel Rodríguez Carballeira.

Continúa o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín dicindo que queren saber, logo desta introdución, que criterios se tiveron en conta á hora de facer esta reestruturación da Radio, que obxectivos se perseguen e porque, se hai un ano, se presentou unha web Volta á Ría para fortalecer o programa de deportes polo que había a intencionalidade de ampliar e reforzar o servizo informativo a través dun portal na internet, como é posible que un ano despois desapareza o programa, tanto o portal de internet coma o programa da radio, que queren saber que criterio se tivo, si se tivo en contra, xa que eles

pediron a información por escrito e saben que non hai ningún informe de Secretaría que abale os cambios realizados destes traballadores, polo que queren saber e lles gustaría que lles contestaran, por que non se convoca ao Consello asesor. Di que pediron copia da programación da radio da prevista e da final, que foi o único documento que se lles achegaron e que preguntaron en que niveis ían afectar os cambios feitos na Radio, que tipo de contratación tiñan estes traballadores e si se podían facer estes cambios así, sen ningún tipo de concurso, traslados ou segunda actividade e non llo contestaron, que preguntaron por que non se crearon eses postos dun xeito ordinario no orzamento, que ademais se acababa de aprobar no verán de dous mil dez e non se falou para nada da reestruturación da Radio, de que había que amortizar unha praza e crear outra nova, que a súa percepción é que se fixo uns cambios aleatorios tratando o Concello coma se fose unha empresa privada onde o xefe fai e desfai coma quere, cando nas Administracións Públicas é normal que se garantan uns accesos aos postos de traballo cun criterios de mérito, capacidade e igualdade, que hai traballadores no Concello que tamén lles poderían interesar unha promoción interna, variar os seus postos de traballo e entenden que tampouco se fixo. Di que presentaron todas estas preguntas por escrito e non se lles contestaron ningunha delas.

A continuación incorpórase o concelleiro Manuel Ángel Rodríguez Carballeira.

De seguido pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Galego Feal quen, unha vez concedido di que para o seu grupo o tema da radio é un tema repetitivo e reiterado moitas veces respecto da solicitude de información solicitadas, que pediron e preguntaron moitas veces respecto dos traballadores que había na Radio, que había cinco e agora só tres, cando saben que as instalacións de Radio Fene as están a utilizar como mínimo dez ou once persoas, polo que queren saber cal é a relación laboral desas persoas, por que están aquí ocupando espazo nas dependencias municipais e por que están tamén prestando os seus servizos a unha radio, que segundo o que se lles contestou, houbo no seu momento un convenio con EMUGA, pero que ese convenio non se renovou, que lles preocupa o tema, incluso de que haxa calquera accidente laboral, xa que non son traballadores do Concello, que mentres tanto pasaron tres anos e medio e non se solucionou, que hai outro tema que é o informe de Intervención, que levan tres anos, dous mil seis, sete e oito que non se ingresaron cartos no Concello por propaganda, cando saben que se emitiron cuñas publicitarias, que hai que aclarar eses extremos, que o teñen pedido dende hai tempo, que agora está o tema do traslado de dous traballadores, que eles dixeron que non se ían pronunciar ata que tivesen a documentación precisa e esa documentación se lles facilitou, lles deron contratos e un informe xurídico externo que se fixo a solicitude do grupo de goberno, e logo de ver isto o seu grupo non comparte as conclusións dese informe xurídico externo e por iso pediron a través de rexistro que a Secretaría emita informe en relación coa legalidade do traslado dos postos de traballo destes traballadores ao que se lles dixo que non é un suposto no que se debe emitir informe, polo que eles volverán estudar o tema volverán reiterar que se emita informe, que se lles pide que esa solicitude de informe vaia subscripta por seis concelleiros, polo que terán que falar co resto da oposición para ver si se subscribe a solicitude, que eles antes de facer valoracións sobre ese traslado lles gustaría ter un coñecemento máis exacto dos servizos xurídicos deste Concello, que independentemente disto, a súa pregunta para a concelleira é se esas dúas persoas son necesarias para á radio, e se esas dúas persoas tiñan un obxectivo concreto, que a concelleira sabe, e que constan no seu contrato, que teñen serias dúbidas da legalidade dese traslado, que incluso lles preocupa porque se pode poñer a situación complicada e difícil laboralmente a dous traballadores, que estas decisións hai que tomalas con calma xa que se pode estar causando un prexuízo, que se é legal que sexa, que se diga e que conste, que un informe xurídico externo non vale, que lle gustaría que o secretario emita informe e tratarán por todos os medios que se emita, que non queren pensar nas consecuencias dun informe negativo, que ao mellor se están utilizando

medios e procedementos para que a xente acceda a Administración sen a correspondente oposición e sen atender aos principios de legalidade, mérito e capacidade.

Seguidamente pide o uso da palabra o voceiro do grupo mixto Manuel Sánchez Martínez quen, unha vez concedido di que están totalmente en desacordo coa modificación que se fixo, que lles chamou a atención o feito de que haxa un Consello da Radio con representación dos partidos políticos e das asociacións veciñais e que se tomen estas decisións sen contar con ninguén.

Neste momento auséntase o concelleiro Manuel Vicente Pico Sanmartín e concelleira Rita María Couto Seijido.

Prosegue o voceiro do grupo mixto Manuel Sánchez Martínez dicindo que as consecuencias son claras, que non se pode desempeñar o mesmo traballo con cinco persoas que con tres, que desaparecen á forza varios programas, que xunto ao malestar do seu partido tamén hai un malestar grande da veciñanza e do movemento asociativo que veían que estes programas tiñan un gran interese para Fene e para a comarca, que neste senso sacaron unha nota informativa, que respecto do traslado tamén teñen bastante dúbidas, que non se fixo do xeito correcto polo que solicita que eses traballadores volten onde estaban.

A continuación fai uso da palabra a concelleira de Cultura, Xuventude e Deporte dona Carmen Silvar Canosa, quen manifesta que quere facer un resumo xeral do traslado dos dous traballadores da emisora municipal, non se antes dicir que non se mandou suspender ningún dos programas, que a decisión de suspender algún programa foi adoptada por iniciativa do responsable da emisora.

Neste momento incorpórase o concelleiro Manuel Vicente Pico Sanmartín e a concelleira Rita María Couto Seijido.

Prosegue dicindo a concelleira Carmen Silvar Canosa que este goberno, motivado polas circunstancias económicas actuais vese obrigado dende hai tempo a afrontar un proceso de aforro, contención e diminución do gasto municipal en aras de diminuír a débeda e sanear as contas sen prexudicar outros servizos básicos para os cidadáns, que neste proceso de aforro o goberno decidiu facer recortes económicos na emisora municipal, pois eles consideran que é un servizo máis prescindible que outros que presta o resto do Concello, que a recolocación dos traballadores noutros departamentos posibilita manter os servizos cubertos nos departamentos de Cultura e Deportes e no Arquivo municipal sen ter que recorrer a novas contratacións de persoal, e que en concreto o Concello tiña a necesidade de contratar coma mínimo a tres persoas nos devanditos departamentos, para cubrir as vacantes xeradas pola excedencia do xestor de actividades culturais, a xubilación do director do Museo do Humor e a necesidade de dixitalizar os fondos do arquivo municipal, tarefa para a que levan dous anos recibindo cartos da Xunta de Galicia, deste xeito un dos traballadores, Xan Carlos Morales Somoza que foi recolocado no Arquivo municipal e a outra traballadora Almudena Marcos Maroño que foi recolocada no departamento de Cultura e Deportes. Di que busca potenciar a catalogación e dixitalización do arquivo municipal, que actualmente, logo da actuación de emerxencia levada a cabo o ano pasado para dixitalizar os libros de actas máis antigos, hai máis de oito mil expedientes sen dixitalizar, correspondentes fundamentalmente ao período mil novecientos noventa e nove e dous mil, ademais coas achegas da Xunta de Galicia se adquiriron equipos informáticos, un escaner e unha fotocopiadora para iniciar este proceso de dixitalización do arquivo, polo tanto necesitan continuar con este proceso, para iso necesitaban convocar unha praza de auxiliar de arquivo ou externalizar este traballo e que deste xeito logran prestar con persoal propio do Concello uns servizos e aforrar os custes de externalización ou da contratación de novo persoal. Di que este traballador xa asistiu a un

curso de iniciación de arquivos municipais, de dixitalización de arquivos da Xunta de Galicia e da Asociación de Arqueiros de Galicia, que por si algún concelleiro non sabe o que realmente se desenvolve no arquivo municipal quere mencionar que ao redor de seis mil clases de documentos e expedientes son os que se están levando a cabo, que o traballo que se ven a realizar é aproximadamente de dúas mil caixas sen catalogar, comprobar documentación e informatizala, dixitalizar os libros de actas de Plenos, Comisións e Xuntas de Goberno Local, cambio de caixas de cartón por caixas de plástico, cambio de base de datos de informática e o traballo diario de préstamo de documentos para a Administración local, autonómica, estatal ou xudicial, así coma o fotocopiado de documentos para veciños e veciñas e para entidades sociais ou empresariais, a elaboración de informes sobre custodias de información municipal. Di que tamén quere que teñan en conta que Concellos similares ao de Fene, coma pode ser Betanzos, Oleiros ou Narón teñen coma mínimo dúas persoas traballando no arquivo municipal, sen mencionar a Ferrol que ten tres.

Continúa a súa exposición a concelleira Carmen Silvar Canosa dicindo que, no caso do departamento de Cultura e Deportes, Almudena Marcos adicarase ao Museo do Humor, á sala de exposicións da Casa da Cultura e a reestruturación do Parque de Educación Vial, xa que o ano pasado se realizou unha importante reestruturación da Casa da Cultura con cargo aos fondos do Plan E, renovouse o Museo de Humor e a sala de exposicións, e tras a vacante deixada por Xaquín Marín precisaban dotar ao museo dunha persoa para dinamizar un dos elementos máis importantes da cultura fenesa de cara ao exterior do Concello. Di que a recolocación desta persoa da emisora municipal supón un gran impulso na vida propia daquel e novamente lles fai aforrar os custes de contratación dunha persoa para este posto, ou da asistencia técnica contratada que se tiña nos últimos tempos, nestes momentos está posto en marcha un plan de dinamización do museo con visitas de centros escolares de toda a comarca e doutras zonas de Galicia, así coma de diferentes entidades e asociacións e de centros da terceira idade, que o feito de que Almudena Marcos asuma a xestión do Museo do Humor, ademais doutras actividades que viña realizando o persoal de Cultura e Deportes, Parque de Educación Viaria, sala de exposicións, relacións coas entidades deportivas e culturais do Concello e outras tarefas administrativas diversas lles permite tamén liberar de traballo ao resto de traballadores e traballadoras do propio departamento e polo tanto non verse obrigados a cubrir esta vacante do xestor de actividades culturais, aforrándose así tamén o custe do devandito xestor.

Continúa a concelleira Carmen Silvar Canosa dicindo que tamén quere sinalar que a recolocación funcional contou coa aceptación dos propios traballadores afectados, que están aquí presentes, que están a falar de persoal laboral do Concello de Fene e non de persoal da Radio, xa que esta non ten personalidade xurídica propia e se considera un departamento máis do propio Concello, a optar este Concello pola xestión directa da Radio e non facer, por exemplo, un ente autónomo, que se está a falar de persoal do propio Concello, categoría C e grupo vinte, que está sometida ao mesmo réxime e condicións que os traballadores e traballadoras de calquera outro departamento deste Concello, afectándolles tamén o que se chama a unidade funcional dentro da empresa, que en todo caso, este goberno, xa que se trata dunha cuestión plenamente laboral recorreu, coma noutras ocasións similares, a solicitar un informe xurídico externo, no que se informe da legalidade ou non desta mobilidade funcional dos traballadores mencionados, que dito informe é favorable e polo tanto o goberno municipal, polas razóns xa expostas e en uso das súas competencias procedeu a tomar a decisión xa coñecida.

Respecto da emisora, di a concelleira Carmen Silvar Canosa, que a recolocación destes traballadores noutros departamentos fai que se aforren bastantes cartos, que falan dunha radio cun orzamento de aproximadamente douscentos mil euros, cunha audiencia cuestionable e cinco traballadores e traballadoras asignados a este servizo, que coma dicía

ao principio, en tempos de crise económica teñen que recortar gastos e priorizar que servizos son máis necesarios para os veciños e veciñas de Fene, e cales son máis prescindibles, por iso mesmo a emisora non se pecha nin se traslada ao cen por cen, coma se acaba de mencionar, sinxelamente aplicaron un pequeno recorte que garante a continuidade da emisora municipal, que reducindo o seu orzamento lles permite aforrar noutros departamentos ao non ter que recorrer a novas contratacións ou a externalizar o servizo, que respecto da programación ou dos traballadores desprazados ata o de agora, Almudena Marcos, moito tempo en xornada reducida e ademais coma técnico de son, se encargaba en solitario do magazine A Fenestra, e Xan Morales, tamén en solitario, se encargaba do programa semanal de deportes A Bancada e do carrusel Volta a Ría os domingos, sendo este un dos programas máis seguidos da emisora municipal, que é certo, que ademais destes programas a parrilla de Radio Fene inclúe fundamentalmente un informativo de medio día e un adiamento a primeira hora da mañá, que o traslado de traballadores afecta a programación do seguinte xeito: que o único que se suprimiu da programación é o carrusel Volta a Ría, mentras que o programa Bancada consideran que pode pasar a ser un espazo propio dentro do magazine A Fenestra, ademais da propia información deportiva que se pode incluír no boletín informativo do medio día, as dúas da tarde, di que, polo tanto, quedan tres traballadores a xornada completa na emisora municipal, unha redactora, un encargado de información e un técnico de son, que entenden que se pode cubrir perfectamente o resto da programación da radio, que unha persoa dedicada ao magazine, outra aos informativos e outra ao control técnico, que a proposta que lle traslada o responsable da radio, o sr. Enrique Sanfiz Raposo, sobre a nova programación da radio inclúe un magazine diario A Fenestra, con entrevistas ao movemento asociativo fenés, entrevistas aos clubs de fútbol e tamén o tratamento de temas informativos comarcais, que tamén inclúe o informativo local de media hora diaria que se viña realizando ata o de agora, que polo tanto cren que a emisora municipal non se vai pechar, segundo o que aquí se está a informar, que está emitindo e seguirá emitindo a programación local, que ese é o compromiso deste goberno, di que tanto cren no importante papel social da emisora que recentemente asinaron un convenio coa Deputación Provincial da Coruña para rematar as obras da Casa de Cela e construír alí as novas dependencias de Radio Fene, que son conscientes que para o asociacionismo en Fene, estes programas son moi importantes, e que o seguirán a ser, que a emisora axuda a difundir, promover e dar a coñecer os fins e as actividades para os que foron creadas, xa sexa no apartado cultural, deportivo ou social, que a súa filosofía é a de continuar con este servizo da emisora e nun futuro poder fomentar tamén a páxina web municipal e poñela a disposición das asociacións, coma canle de comunicación, entre estas e os veciños e veciñas de Fene, que as entidades van seguir tendo o seu espazo na programación de radio Fene, que non se suprime nada, que en resumidas contas o que fan é un pequeno sacrificio que é a programación deportiva dos domingos e a recolocación do semanal, para lograr un importante aforro, xa que aforran máis de vinte mil euros anuais que custaba o carrusel Volta á Ría, xa que moita xente non sabe o que custa, máis que coma xa se ten explicado o salario de novos traballadores e traballadoras ou os cartos para cubrir a externalización para cubrir a vacante do director do Museo do Humor, do xestor das actividades culturais e dun auxiliar de arquivo, que en total están a falar dun aforro de aproximadamente noventa mil euros, unha cantidade que non soluciona nada, pero que pode mellorar o estado financeiro do Concello, que non se pode falar só en termos xerais de aforro, se non que teñen que ver a outra cara da moeda, que poder suplir con persoal propio do Concello, que coñece o traballo interno, as necesidades que tiñan noutros departamentos.

Prosegue a concelleira Carmen Silvar Canosa dicindo, respecto da pregunta polo Consello da Radio, que coma se ten dito noutros Plenos ou Comisións, este goberno ten dúbidas sobre a legalidade dos estatutos de Radio Fene, entre outras cousas por que aprobou en abril de mil novecentos setenta e tres e que son dezasete anos os que pasaron e nunca se modificaron, polo tanto consideran que os estatutos non están axustados a dereito e haberá que pedir os informes xurídicos sobre a legalidade ou ilegalidade do chamado Consello asesor, que aínda

supoñendo que os estatutos fosen legais, o Consello da Radio está caducado en varios dos seus membros, polo que logo deste informe, sería necesario abrir un proceso de renovación da representación social do Consello asesor

A continuación auséntase o concelleiro José Antonio López Rodríguez.

Continúa a concelleira Carmen Silvar Canosa dicindo que de todos os xeitos, quitando tamén a valía do Consello asesor, os propios estatutos de Radio Fene, no seu artigo número tres, expón que corresponde aos órganos de dirección do Concello o seguinte: a dirección do goberno da emisora municipal, a supervisión e aprobación da programación da emisora, a admisión de persoal colaborador, a promoción e adquisición de melloras técnicas e demais, que se entende, polo tanto, que os órganos de dirección do Concello, non o Consello asesor, se encargarán destes asuntos recollidos neste artigo número tres, cada órgano no senso das súas competencias, e a competencia sobre a mobilidade e o traslado dos traballadores no Concello é unha competencia do goberno municipal, que polo tanto a mobilidade de Xan Morales e Almudena Marcos é adoptada polo órgano competente, que de todos os xeitos, e coma xa quedou dito, unha vez esclarexada as dúbidas sobre estes estatutos e regularizado o Consello asesor, este goberno non ten ningunha obxección en convocalo e reunilo no momento oportuno.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que quere felicitar á concelleira Carmen Silvar Canosa, que cando menos trouxo preparado o tema, que aparte algunhas contradicións as que se referirá, trouxo ordenada a súa intervención e contestou ás súas preguntas.

Incorpórase á sesión o concelleiro José Antonio López Rodríguez e auséntase a concelleira María del Pilar Fornos Corral.

Continúa o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín dicindo que se actuou de costas aos grupos municipais e con escurantismo, que neste asunto hai varias partes, unha xurídica, que xa haberá quen decida e ditamine se as cousas se fixeron ben ou mal. Di que lle sorprende que non se convoque o Consello da Radio e que haxa dúbidas sobre a convocatoria dun órgano onde están os grupos políticos e algún representante do movemento veciñal, que non deixa de ser un órgano asesor, non vinculante, que non ten maior transcendencia dende o punto de vista práctico, se non que é un elemento de información e, participación, que en todo caso é para dar unha explicación dos cambios que se van a dar e para isto se pon en dúbida a súa posible legalidade, que por contra non se dubida de que algo tan enrevesado coma o de cambiar a uns traballadores dos seus postos de traballo cando están contratados laboralmente, específica e concretamente, con nomes e apelidos, se cambien de sitio a dedo, que iso non lle suscite ningunha dúbida, que na Administración pública, xunto co acceso aos postos de traballo na Administración, son os que son, que ademais teñen que estar perfectamente regulamentados, que eles non dubidan das necesidades doutros departamentos, que son conscientes, que por certo el lle pediu ao sr. alcalde para que se cubrixe a praza de xestor de actividades culturais e deportivas deste Concello, e non se cubriu, que non lles pareceu ben, que se sacou un animador socio cultural, primeiro a media xornada e logo a xornada completa e iso foi o que se fixo no departamento, pero que non se cubriu a praza de xestor, que é de grupo C, que non é daquelas prazas que economicamente lle saen máis caras a este Concello.

De seguido incorpórase a concelleira María del Pilar Fornos Corral.

Prosegue Manuel Polo Gundín dicindo que no orzamento do ano dous mil dez se amortiza a praza de director do Museo do Humor, aínda que semella que agora é moi importante, que o

que se quere facer é un movemento interno de traballadores e traballadoras do Concello, que pode ser moi razoable dende o punto de vista de optimización de recursos o normal é que se faga un procedemento aberto para que todos os traballadores do Concello que queiran acceder a ese posto, e reúnan a titulación axeitada, poidan acceder e probablemente seguro que non habería moitos pretendentes para o posto, pero xa postos este é o sistema normal e transparente para facelo e non eliminar a primeiro a praza e logo colocar alí a unha persoa dun xeito irregular, que en todo caso é unha cuestión xurídica e ao BNG non é o que máis lle preocupa. Di respecto do outro posto de traballo, do auxiliar de arquivo, que eles son conscientes da importancia deste traballo e da dixitalización cara ao futuro, que tamén son conscientes de que hai achegas directas para este traballo e que se gastou moitos cartos públicos en facer actividades sen coñecer os resultados, xa que non se explicou o que se fixo e tamén saben que se perdeu a propósito a subvención de técnico de normalización lingüístico que había para este Concello, que como había que poñer algúns cartos, non se pediu, que estes argumentarios se tratan de verdades a medias, que son conscientes de que hai necesidades pero que estas se teñen que cubrir cos medios que marca a Lei.

Continúa o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, dicindo que a eles o que máis lles preocupa son as outras dúas cuestións, a parte social e a parte pública de calidade da radio municipal, que é susceptible de mellorar é evidente, que levan tres anos e non actuaron para que esta radio mellorase, que teñen claro que reducindo persoal é imposible que mellore e que lle sorprende moito esta actuación cando o sete de setembro de dous mil nove o Concello estreou páxina web do programa deportivo Volta a Ría, coa que se potenciaba o programa, e na opinión da concelleira Carmen Silvar era, sen dúbida, unha aposta pola modernización dos servizos informativos e que esperaba que nun breve período de tempo puidesen contar con portais dos diversos programas radiofónicos, e un ano despois se pasa disto á eliminación de vez, que eles detectan un certo vaivén do que é a idea que se ten da radio municipal, que a eles lles preocupa a situación económica do Concello dun xeito extraordinario, que lles preocupa que se perdan subvencións, que lles preocupa que se recaden impostos e que a recadación sexa o máis efectiva posible, que levan dende o ano dous mil sete sen recadar a publicidade que saía na radio en aplicación da ordenanza fiscal pola que se viñan recibindo uns ingresos, que non entende moi ben iso de aforrar e ademais non utilizar os medios que ten o Concello para ter recursos, que no caso da radio é a publicidade, que é mais, que sabe que se deu orde de non pasar publicidade na radio, cousa totalmente contraproducente, xa que si se recadan dez, quince ou vinte mil euros ao ano, son cartos que entran no Concello, que o que se quere facer é xustificar un cambio por cuestións puramente económicas cando o Concello debe tomar moitas medidas de control de gasto que non vai relatar pero si darlles un dato que é que o Concello negociou condicións do seu distribuidor de telefonía para obter un aforro dos custes das tarifas, a renegociación de móbiles e fixos a custe cero e o aumento destes servizos, cousa que se fixo en xullo de dous mil nove, sen embargo, o Concello de Fene pasou no ano dous mil cinco de gastar cincuenta e catro mil euros en telefonía a gastar no ano dous mil nove, o ano do aforro, setenta e dous mil euros, que isto non é aforrar, que o fixeron mal, que o plan de aforro en telefonía non se deu e coma esas podían seguir con outras cuestións, que con ese aforro xa se podía ter pagado o control da radio dos fins de semana, que o Concello ten un convenio coas emisoras municipais, do que é sede de EMUGA, que o Partido Socialista votou a favor deste convenio e que o BNG tiña no horizonte sufragar o cincuenta por cento dos custes da radio, é dicir, que o total do custo da radio lle custase ao Concello o cincuenta por cento do seu orzamento, que ese era o obxectivo e que na situación na que se está agora o Concello paga o cento por cento, xa que non se recada nada por publicidade, que o argumento dos recursos económicos non vale, que iso é política de persoal, que se podía adxudicar a través de concursos públicos, con libre concorrência, os servizos que se teñen contratados e subcontratados con terceiras empresas e probablemente se axustarían moito ós custes dos servizos, que si non se perderan subvencións entre outras unha para o Museo do Humor para este tipo de

actividades, se ingresaría algo e ao final o balance entre gastos e ingresos ía ser máis favorable para o Concello, que o goberno fala moito de participación cidadá e que son cousas que se exercitan todos os días, que un xeito de participación é participar nas Comisións Informativas, que este discurso tan brillante que deu a presidenta da Comisión e responsable da radio municipal si llo dera na Comisión de agosto, na que lles dixo que non había temas para tratar, este debate que teñen hoxe o terían na Comisión de agosto ou setembro, xa que o goberno ten que gobernar e a oposición facer propostas ou criticalas, que así o que transmiten é unha toma de decisións unilaterais, de oscurantismo.

Di o concelleiro Manuel Polo Gundín que o que lle preocupan son estas tres cuestións, a xurídica, a social e a falla de funcionamento transparente e democrático do Concello e que se hai órganos pendentes para renovar coma o do Consello da Radio, roga que se fagan, que o BNG fai dezasete anos fixo un regulamento e di que o goberno teñen tempo para redactar un novo Consello da Radio e para o actualizar se hai que facelo, que hai cousas que non se poden argumentar, que dicir que cinco persoas fan o mesmo traballo que tres non é admisible, que todo o mundo sabe, que os que falan as veces na radio saben que non é o mesmo facer a radio en directo que facela enlatada, que non é o mesmo facer entrevistas por teléfono que se poidan facer no estudo, que non é o mesmo que exista un seguimento en roldas de prensa e poder saír do Concello que ter que estar sempre no Concello por incapacidade de poder asistir a actos, que está claro, sen entender el moito de radio, que o servizo perde calidade, que sabe que o sr. alcalde participa nunha tertulia na radio e debería saber que nun programa participan máis persoas que as catro que falan e a persoa que pregunta, que está a persoa do control, ademais dun redactor, que xa son sete persoas, que con este tipo de formato se lle dá calidade a unha radio, que implica medios humanos, que se queren ese tipo de radio de calidade hai que se esforzar, non reducir e votar a culpa á crise, que hai xeitos de aforrar, que este é un argumento pobre para unha decisión unilateral que se fixo con outras pretensións.

De seguido pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Galego Feal quen, unha vez concedido di que a concelleira non mandou suprimir ningún programa, pero que logo deste recorte de persoal pregunta que se pode facer, que hai que asumir as propias decisións e que está claro que o traballo que fan cinco persoas non o poden facer tres, a non ser que se lle doten de medios e el ve que non hai máis medios. Respecto do aforro di o concelleiro que o único aforro que hai é o do técnico de son durante a fin de semana, xa que por moito que se trate de enmascarar co traslado de persoal a outros departamentos e do aforro doutras contratacións, iso non é así, que na Administración non se ocupan os postos deste xeito, que iso é propio da empresa privada, que se cobren os postos de traballo mediante os principios de legalidade, mérito e capacidade e, sen dubidar da capacidade destas persoas, non queda comprobado que sexan as máis capacitadas para desempeñar estes postos de traballo, que a sra. concelleira sabe, por que ten lido moitos informes da Secretaría deste Concello, as consecuencias que conlevan as prazas de persoal laboral cando hai necesidades permanentes e que hai que cubrir, que a Secretaría o di citando xurisprudencia abundante e que nestes supostos hai que proceder a despedir á persoa correspondente e indemnizala con cartos, que eles non están a pedir nada disto, pero que isto o saben tanto a sra. concelleira coma o sr. alcalde, que con isto colocaron nunha situación laboral xuridicamente perigosa aos traballadores, que non tiñan por que os colocar, que si esta situación está aceptada laboralmente polos interesados non elude a legalidade, que ese é o problema de fondo, que o que lles preocupa é o problema xurídico desas persoas que, ao mellor, non souberon o alcance da decisión que estaban tomando, que iso é o fundamental e a base de todo isto, que se esas persoas non son necesarias na radio hai que amortizar as prazas e se hai necesidades no Arquivo ou en Cultura hai que crealas, que esa é a legalidade, que logo vén o mérito e a capacidade das persoas que ocupen esas prazas, que se demostra coas correspondentes probas de acceso, que se fai así por Lei e non a dedo, polo que eles insistirán en que se emita un informe xurídico respecto deste tema, xa que lles

parece moi perigoso, que o mesmo que se fai hoxe se fai mañá, que hai determinados tipos de prácticas que non se poden consentir dentro dun Concello, que non van entrar no fondo xurídico dos contratos laborais, xa que dentro destes tamén hai determinados tipos, que o goberno sabe ou debería saber e ser consciente do tipo de contrato que teñen estas persoas e non arriscarse a facer un traslado coma o que fixeron, xa que non son iguais todos os contratos laborais, que non sabe se isto o dixo o asesor xurídico ao elaborar o informe externo, que a mobilidade funcional tampouco é a mesma por que hai categorías, que por exemplo, non poderían ocupar prazas de peóns, pero que as consecuencias non foron as mesmas, que pensa que fixeron unha seria irresponsabilidade, que el non é da opinión de manter unha radio, que o dixo moitas veces, que tampouco tería sobre a súa conciencia, se gobernase, o despido de ningún traballador, que para iso mantería o que hai e non o movería, que iso é o que fixo este goberno dun xeito moi irresponsable.

A continuación prosegue o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, dicindo que respecto aos outros dous asuntos di que existe a mesma inseguridade xurídica respecto da asociación EMUGA, xa que non ten respaldo xurídico ningún, que calquera día vai haber un problema, que o mesmo pode pasar cos traballadores que prestan servizos para esa asociación, que nestes tres anos e medio non se lle puxo solución, que se sucede algo, un accidente laboral ou algo semellante, van ser responsables todos, polo que lle pregunta á concelleira se pensa facer algo respecto da asociación EMUGA e sobre as persoas contratadas que traballan aquí, que aínda que non sexan contratadas polo Concello traballan aquí, que é o que se chama responsabilidade subsidiaria, que vai ser do Concello e polo tanto dos veciños de Fene.

A continuación auséntase a concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente.

Seguidamente pide o uso da palabra o voceiro do grupo mixto Manuel Sánchez Martínez quen, unha vez concedido di que existe un Consello da Radio que non debe ser un mero adorno, que hai que darlle contas e contido, que respecto do tema do aforro, se isto é así pregunta por que dende hai catro anos non se cobra por publicidade, que se se reduce o corenta por cento do persoal é imposible que poidan prestar o mesmo servizo coa mesma calidade, que caso contrario, si se puidera prestar, habería unha gran responsabilidade por ter mantido o mesmo cadro de persoal, aínda que non é o caso. Respecto do traballo que se realizaba na radio, socialmente falando e en relación co pobo e o movemento asociativo, di que era un traballo moito máis rendible onde estaban antes os traballadores, na radio, que onde están agora, aínda que tamén seguen a traballar para o Concello. Prosegue a dicir que o goberno ten a potestade de facer cambios de persoal, pero que ter a potestade non os faculta para facelo de calquera xeito, que hai unha normativa vixente que hai que respectar.

A continuación incorpórase a concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente.

A continuación fai uso da palabra a concelleira de Cultura, Xuventude e Deporte dona Carmen Silvar Canosa, quen resposta aos voceiros dos grupos municipais que acaban de intervir dicindo que respecto da publicidade, coma se dixo, o servizo de Intervención está intentando regularizar este ingreso, polo que se lle requiriu á empresa que tiña contratada os espazos de publicidade os ingresos que tiñan pendentes con este Concello para, a partir de aí, poder regularizar a publicidade, que mentres tanto o asunto está parado á espera do ingreso que se lle debe ao Concello pola emisión de publicidade. Di que respecto do convenio que caducou no seu día coa asociación EMUGA, se intentará, coma responsables da emisora, poder ampliar este convenio, e que respecto do aforro, di que si é importante, xa que o programa dos domingos era moi custoso, por non mencionar que non teñen aquí datos do que custaba ter a liña telefónica durante todo o domingo coas distintas entidades, que non se recortou

ningunha programación, sinxelamente se suspendeu o programa Volta á Ría porque era moi custoso, que os contidos se seguen a manter o resto da semana.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que lle sorprende que se diga que non se recortou programación, coma o que fixo a Xunta de Galicia coa TVG, que foi eliminar a delegación da TVG en Ferrol, e supón que a todos lles parecerá que ese recorte é malo para a capacidade informativa estable e ordinaria da TVG como televisión pública, que o PSOE xunto co BNG saíron en contra desa redución, que eles cren que non se debían eliminar, nin privatizar a produción de servizos informativos por parte da TVG, pero que se diga que eliminar o programa Volta á ría, o de maior audiencia dos domingos de todas as emisoras, xa que por intuición e non por medición de audiencia, si se suma toda a xente que sintonizaba radio Fene escoitando o carrusel deportivo seguro que eran máis que os que escoitaban a SER ou a COPE, seguro, que se eliminou ese programa sen ningún criterio co motivo de aforrar o control de son, que se podía facer publicidade para o pagamento do control, que é sorprendente que dende que o PSOE chegou ao goberno desaparecen os ingresos, que incluso hai un señor que pediu por rexistro que se lle cobre o que adebeda, que se hai unha discrepancia a hai que resolver, que hai que cobrar eses cartos, que hai que facer un esforzo, que aínda en tempos de crise, todas as empresas intentan facer publicidade e este era un programa que tiña unha audiencia, dende o seu punto de vista moi elevada. Di que se utiliza a crise para xustificar uns cambios e pregunta se eses traballadores deciden voltar aos seus postos de traballo, que lles van dicir, que non poden por que hai que aforrar, aínda que os seus contratos digan que traballan alí, que o goberno ou a Corporación que veña tería un problema, que falla información, transparencia e rigor, e un pouco de cariño para facer un programa de radio adaptado á economía e aos tempos que corren, que falla sobre todo xestión e xestión económica. Di que polo menos houbo explicacións e que as consideracións xurídicas que poida haber non lle tocan a eles ditaminalas.

3º.- Dación de conta das resolucións da Alcaldía dende o número 764 de 15 de outubro ata número 789 de 21 de outubro de 2010.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre a número 764/2010 de data 15 de outubro ata a número 789/2010 de data 21 de outubro de 2010, manifestando o sr. alcalde-presidente que están a disposición dos distintos grupos na Secretaría do Concello.

4º.- Dación de conta do informe de Intervención e Tesourería sobre o incumprimento das previsións establecidas na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Dáse conta do informe de Intervención e Tesourería de data 7 de outubro de 2010, que copiado literalmente di:

“INFORME DE INTERVENCION E TESOURERIA

Asunto: Informe de Intervención e Tesourería sobre o cumprimento das previsións establecidas na lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

I.Normativa.

-Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
-Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
-Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, regulador do rexime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional.

II. Informe.

Primeiro.- O artigo terceiro da lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no seu apartado un, establece que se modifica o apartado 4 do artigo 200 da lei de contratos do sector público que pasa a ter a seguinte redacción:

“4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obras o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato, sin perjuicio del plazo especial establecido en el artículo 205.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días, los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Cuando no proceda la expedición de certificación de obra y la fecha de recibo de la factura o solicitud de pago equivalente se preste a duda o sea anterior a la recepción de las mercancías o a la prestación de los servicios, el plazo de treinta días se contará desde dicha fecha de recepción o prestación.”

En relación a este prazo de trinta días, o artigo terceiro da lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, no seu apartado terceiro, indica o seguinte:

“(…)

Tres. Se añade una nueva disposición transitoria octava con la siguiente redacción:

“Disposición transitoria octava. Plazos a los que se refiere el artículo 200 de la Ley.

El plazo de treinta días a que se refiere el apartado 4 del artículo 200 de esta Ley, en la redacción dada por el artículo tercero de la Ley de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, se aplicará a partir del 1 de enero de 2013.

Desde la entrada en vigor de esta disposición y el 31 de diciembre de 2010 el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los cincuenta y cinco días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obras o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.

Entre el 1 de enero de 2011 y el 31 de diciembre de 2011, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los cincuenta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.

Entre el 1 de enero de 2012 y el 31 de diciembre de 2012, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se

refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los cuarenta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.””.

E por outra banda o artigo quinto, nos seus apartados 1, 2, e 3 da lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, relativo ó rexistro de facturas nas Administracións Locais dispón que:

“Artículo quinto. Registro de facturas en las Administraciones Locales.

1. La Entidad Local dispondrá de un registro de todas las facturas y demás documentos emitidos por los contratistas a efectos de justificar las prestaciones realizadas por los mismos, cuya gestión corresponderá a la Intervención u órgano de la Entidad local que tenga atribuída la función de contabilidad.

2. Cualquier factura o documento justificativo emitido por los contratistas a cargo de la Entidad local, deberá ser objeto de anotación en el registro indicado en el apartado anterior con carácter previo a su remisión al órgano responsable de la obligación económica.

3. Transcurrido un mes desde la anotación en el registro de la factura o documento justificativo sin que el órgano gestor haya procedido a tramitar el oportuno expediente de reconocimiento de la obligación, derivado de la aprobación de la respectiva certificación de obra o acto administrativo de conformidad con la prestación realizada, la Intervención o el órgano de la Entidad local que tenga atribuída la función de contabilidad requerirá a dicho órgano gestor para que justifique por escrito la falta de tramitación de dicho expediente. (...).”

Segundo.- O artigo cuarto da lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, establece nos seus apartados 3, 4 e 5 que:

“(...)

3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones Locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuída la tutela financiera de las Entidades Locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes.

5. La información así obtenida podrá ser utilizada por las Administraciones receptoras para la elaboración de un informe periódico y de carácter público sobre el cumplimiento de los plazos para el pago por parte de las Administraciones Públicas.”

E a maiores o apartado 4 do artigo quinto da lei 15/2010, do 5 de xullo, dispón que:

“(...)

4. La Intervención u órgano de la Entidad local que tenga atribuída la función de contabilidad incorporará al informe trimestral al Pleno regulado en el artículo anterior, una relación de las facturas o documentos justificativos con respecto a los cuales hayan transcurrido más de tres meses desde su anotación en el citado registro y no se hayan tramitado los correspondientes expedientes de reconocimiento de la obligación o se haya justificado por el órgano gestor la ausencia de tramitación de los mismos. El Pleno, en el plazo de 15 días contados desde el día de la reunión en la que tenga conocimiento de dicha información, publicará un informe agregado de la relación de facturas y documentos que se le hayan presentado agrupándolos según su estado de tramitación.”

Polo tanto en cumprimento do anteriormente disposto, e en virtude das competencias atribuídas polos artigos 4, 5 e 6 do R.D.1174/1987, do 18 de setembro, esta Intervención e Tesourería proceden a informar o seguinte:

1.- Segundo os datos que se desprenden da contabilidade municipal, e salvo erro ou omisión involuntaria, ó longo do terceiro trimestre do ano 2010 (meses de xullo, agosto e setembro), o número total de obrigas respecto ás que se incumpriu o prazo de pago dos 55 días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato, foi de 926, e ascenden a unha contía global de 946.345,28.-euros.

No cálculo anterior tiveronse en conta todas as facturas, existise ou non un previo contrato.

2.-Segundo a información suministrada pola contabilidade municipal (Rexistro de facturas do programa AGORA), e salvo erro ou omisión involuntaria, ó longo do terceiro trimestre do ano 2010, o número de facturas/documentos substitutivos respecto das que transcuriron mais de tres meses dende a súa anotación no Rexistro de facturas sen que se tramitara o correspondente expediente de recoñecemento de obrigas foi de 8, e ascenden a un total de 19.091,66 €

No cálculo anterior tiveronse en conta todas as facturas, existise ou non un previo contrato.

3.- Por último, de acordo coa normativa anteriormente exposta, lémbrese a obriga, recollida na lei 15/2010, do 5 de xullo, de remisión en todo caso do presente informe ós órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, ós da Xunta de Galicia que teñan atribuída, con arranxo ó Estatuto de Autonomía, a tutela financeira das Entidades locais, sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local.

As presentes consideracións realízanse sen prexuízo do xa informado á Alcaldía por esta Intervención e Tesourería con data de 14/05/2010.

Fene, 07 de outubro de 2010.

A Interventora,

A Tesoureira,

Asdo.:Marta Roca Naveira.

Asdo.:M^a Ángeles Vivero Fresco.

Lido e enterado do contido do presente informe:

O Alcalde,

Asdo.:Iván Puentes Rivera.”

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que o informe de Intervención lle dá a razón ao BNG en canto a morosidade e a lentitude que ten o Concello nos pagamentos, que se fai referencia ás facturas que se están pagando ordinariamente do exercicio do ano dous mil dez, que se di que aproximadamente hai preto dun millón de euros que se pagan con maior prazo dos cincuenta e cinco días que establece a Lei, que o máis preocupante é o que se debe de exercicios anteriores e aínda está sen pagamento polo que rogan para que se axilicen os pagamentos das facturas que se deben, que se sigan os procedementos e que o goberno se axuste ao orzamento.

5º.- Mocións.

5º.1.- Moción do grupo municipal do BNG en relación cos servizos ferroviarios na comarca.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que retiraron a moción do Pleno anterior pensando que se ía mellorar a moción en Comisión pero que lamenta que non fose así, que en todo o seu grupo mantén a preocupación polo abandono que presenta a infraestrutura ferroviaria que pasa por Fene e por extensión de toda a rede Ferrol Coruña, que provoca na práctica a desaparición desta liña mentres non se fagan investimentos na liña para que este traxecto se realice en corenta ou cincuenta minutos.

De seguido, a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do asunto, sendo aprobada por unanimidade dos membros presentes.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial de data 26 de novembro de 2010, que copiado di:

“1.- O Pleno do Concello de Fene quer manifestar a súa a oposición rotunda a calquera intención de supresión da liña Ferrol-A Coruña e consecuentemente reclama a súa urxente modernización por non ser viábel a medio prazo de continuar as infraestruturas na actual situación.

2.- Esixir do goberno central e da Xunta de Galiza que manteña o concepto de Eixo Atlántico Ferroviario con inicio en Ferrol e final en Porto.

3.- Reclamar as partidas necesarias, con programación plurianual, nun período de 5 anos para a infraestrutura ferroviaria Ferrol-Coruña. Modernizala con dupla vía, electrificación e as variantes necesarias no trazado actual para lograr velocidades que sitúen a viaxe entre 40-50 minutos segundo sexan directos ou con paradas.

4.- Esixir celeridade nos tramites administrativos necesarios, prescindindo dos estudos informativos nos tramos en que for posíbel, por tratarse dun simple cambio de plataforma e duplicación de vía, para gañar o tempo perdido por culpa da posición fraudulenta e negativa do Goberno Central e a indiferenza e pasividade da Xunta de Galiza.

5.- Mellorar progresivamente os servizos ferroviarios co obxectivo a curto prazo de colocar as comunicacións coa cidade de A Coruña en non máis dunha hora.

6.- Establecer na planificación do transporte metropolitano as debidas conexións dos servizos de Feve e Renfe optimizando así os servizos á cidadanía.

7.- Esixir unha partida orzamentaria adecuada para o tren ao Porto Exterior e demandar de ADIF (Goberno central) e Autoridade Portuaria a mellora e revitalización do actual acceso ao porto interior en estado de abandono.

8.- Solicitar de Renfe a debida atención a demanda de mercadorías existente na comarca habida conta da mala atención que presta e do seu desinterese por potenciar o transporte de mercadorías.”

Non habendo debate, a Presidencia somete a votación ordinaria ditame da Comisión Informativa de Facenda de data 2 de novembro de 2010, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Doce (13), (dos sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira, Rey Sampayo, Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López, Pico Sanmartín e Sánchez Martínez).

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Catro (4), (dos sres/as. Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral e Franco Casal).

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

1.- O Pleno do Concello de Fene quer manifestar a súa a oposición rotunda a calquera intención de supresión da liña Ferrol-A Coruña e consecuentemente reclama a súa urxente modernización por non ser viábel a medio prazo de continuar as infraestruturas na actual situación.

2.- Esixir do goberno central e da Xunta de Galiza que manteña o concepto de Eixo Atlántico Ferroviario con inicio en Ferrol e final en Porto.

3.- Reclamar as partidas necesarias, con programación plurianual, nun período de 5 anos para a infraestrutura ferroviaria Ferrol-Coruña. Modernizala con dupla vía, electrificación e as variantes necesarias no trazado actual para lograr velocidades que sitúen a viaxe entre 40-50 minutos segundo sexan directos ou con paradas.

4.- Esixir celeridade nos tramites administrativos necesarios, prescindindo dos estudos informativos nos tramos en que for posíbel, por tratarse dun simple cambio de plataforma e duplicación de vía, para gañar o tempo perdido por culpa da posición fraudulenta e negativa do Goberno Central e a indiferenza e pasividade da Xunta de Galiza.

5.- Mellorar progresivamente os servizos ferroviarios co obxectivo a curto prazo de colocar as comunicacións coa cidade de A Coruña en non máis dunha hora.

6.- Establecer na planificación do transporte metropolitano as debidas conexións dos servizos de Feve e Renfe optimizando así os servizos á cidadanía.

7.- Esixir unha partida orzamentaria adecuada para o tren ao Porto Exterior e demandar de ADIF (Goberno central) e Autoridade Portuaria a mellora e revitalización do actual acceso ao porto interior en estado de abandono.

8.- Solicitar de Renfe a debida atención a demanda de mercadorías existente na comarca habida conta da mala atención que presta e do seu desinterese por potenciar o transporte de mercadorías.

5º.2.- Recoñecemento extraxudicial 7/2010.

De seguido toma a palabra o sr. alcalde que xustifica a urxencia pola necesidade de facer estes pagamentos no actual exercicio.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que o seu grupo quere xustificar o voto destes tres expedientes extraxudiciais dicindo que se trata dunha aportación á Mancomunidade duns dez mil euros, da corrección dun erro dun expediente que se fixo en agosto e dunha aportación á igrexa de Fene. Di que o seu grupo se vai abster nestes tres asuntos e que ademais este asunto o trataron en Comisión coma unha medida de presión para que se lles achegasen as actas de distintas Xuntas de Goberno Local e que no Pleno comezasen a aprobarse actas anteriores. Di que estes expedientes veñen a certificar a súa intervención anterior no senso de que hai moitos gastos pendentes de pagamento de anos anteriores, que é preciso pechar este ano procedendo ao pagamento de todo o anterior, polo que se van abster, favorecendo así a súa aprobación.

De seguido, a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do asunto, sendo aprobada por unanimidade dos membros presentes.

Logo de ver a proposta da Alcaldía de data 15 de novembro de 2010, que copiado literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

ASUNTO: RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 7/2010

Visto o informe da Intervención municipal de 15 de novembro relativo á fiscalización das aportacións económicas á Mancomunidade de concellos da comarca de Ferrol obxecto do expediente de recoñecemento extraxudicial nº 7/2010 por un importe total de 10924,87€ e que transcrito di:

“DE INTERVENCION
O CONCELLO PLENO
INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: Fiscalización previa preceptiva do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos polo Concello-Pleno nº 7/2010.

LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE BASICA

- (TRLRFL) artigos 163,173,215 a 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido Da Lei Reguladora das Fachendas Locais.
- (RD500/1990) artigos 26.2c) e 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo primeiro do Título Segundo do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.
- (LBRL) artigo 112.1 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime local.
- (TRRL) artigo 23.1 do Real decreto Lei 781/1986 polo que se aproba o Texto Reundido das Disposicións vixentes en materia de Réxime local.

Real Decreto 1496/2003 que regulamenta o deber de expedir factura que corresponde ós empresarios e profesionais.

-Bases de execución do orzamento do exercicio 2010.

ANTECEDENTES

Con data de 15 de novembro, a Alcaldía propón a aprobación da relación de gastos co obxecto de proceder ó seu recoñecemento extraxudicial polo Concello-Pleno ó non ser incluídas no orzamento do exercicio económico que lle correspondía. O importe total ascende a 10924,87€

A relación de gastos é a que se determina na providencia de inicio do expediente.

INFORME

Primeiro.-Principio de especialidade cuantitativa dos créditos orzamentarios: O artigo 163.5 do TRLRFL e o artigo 25 do RD500/1990 refírense ó principio de especialidade cuantitativa dos créditos orzamentarios no ámbito local. Ditos créditos teñen carácter limitativo e vinculante, por eso non poden adquirirse compromisos de gasto por cuantía superior ó importe dos créditos autorizados no estado de gastos. A infracción do principio orzamentario penalízase coa nulidade de pleno dereito dos acordos, resolucións e actos administrativos que incurran na mesma.

Segundo.-Principio de anualidade orzamentaria: O artigo 26 do RD 500/90, que transcribe casi literalmente o artigo 163 do TRLRFL, refírese ó principio de especialidade temporal, según o cal con cargo ós créditos do estado de gastos de cada orzamento solo poderán recoñecerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servicios e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Aínda así, aplicaránse ós créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as seguintes obrigacións:

As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ós Orzamentos Xerais da Entidade.

As derivadas de compromisos de gasto debidamente adquiridos en exercicios anteriores, previa incorporación de créditos no suposto establecido no artigo 163.3.

As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do RD 500/90. Neste último artigo cítase a figura do recoñecemento extraxudicial de crédito.

Terceiro.-Concepto de recoñecemento extraxudicial de créditos: A xurisprudencia do Tribunal Supremo (Sentencias de 12 de febreiro de 1990, 25 e 8 de outubro de 1986) atenúa o rigor na aplicación dos principios citados ó contrastarlos coa “Teoría do enriquecemento inxusto”, pola que “no se puede alegar como impedimento en el cumplimiento de la obligación de pago la ausencia de ciertas formalidades.”

Ademáis debemos ter en conta os principios de confianza lexítima e boa fe que deben presidir as relacións entre as Administracións Públicas e os cidadáns. Estes principios, que xa foran recoñecidos pola xurisprudencia contencioso-administrativa, incorporáronse ó dereito positivo na Lei 4/99, que modifica parcialmente a Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Do anterior dedúcese que o nome de “recoñecemento extraxudicial de crédito” deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas

económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adxudicación correspondente, derivan de prestacións de servizos, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír ós órganos xudiciais.

En todo caso, e aínda cando da interpretación dos artigos 26.2 c) e 60.2 do RD 500/90 pode desprenderse que, previo recoñecemento do Pleno, poden aplicarse ó orzamento vixente gastos realizados en exercicios anteriores, debe entenderse, como xa sinalou a Audiencia de Contas de Canarias, que esta excepción se contempla para convalidar situacións puntuales e irregulares e non como posibilidade regulada, na maior parte dos supostos, para realizar sistemáticamente gastos sin a suficiente consignación orzamentaria, debéndose evitar no posible a utilización desta figura controvertida.

Con igual claridade se manifesta o Consello de Contas de Galicia no informe de fiscalización do Concello de Boqueixón do ano 2000, que tras considerar censurable a utilización recorrente deste mecanismo xeneralizando así un procedemento que a lei prevé como excepcional para a protección de terceiros, sinala que:

“...tal excepcionalidad requiere la tramitación de un expediente para cada caso concreto en el que debería constar un informe o memoria del órgano gestor del gasto en el que se justifique cuáles fueron los motivos que dieron lugar a la realización de gastos sin ajustarse al procedimiento legalmente establecido”

Cuarto.-Enriquecemento inxusto da Administración: A proposta pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración. No noso dereito, e a falta dun texto legal que consagre dito principio, foi a xurisprudencia a que fixo múltiples aplicacións da idea, que pode por elo considerarse como doutrina xurisprudencial.

Si finalmente se considera que o servizo debe de ser abonado polo concello, danse os requisitos para que prospere dita petición, xa que o concello obtería unha ventaxa patrimonial (servizo executado) e o contratista veríase empobrecido pola ventaxa obtida polo concello e non existiría causa que xustificase a merma patrimonial dos terceiros afectados.

Ademais os retrasos no recoñecemento e abono de obrigas poden dar lugar á reclamación de xuros de demora, co conseguinte perxucio económico para o concello.

Quinto.- Competencia: A base 23ª de BE/10, referida ó recoñecemento extraxudicial dos créditos, dispón que “2.-O recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderá ó Pleno cando no expediente tramitado ó efecto non se acredite a existencia de crédito disponible suficiente nas partidas orzamentarias de aplicación, todo elo de conformidade con establecido no artigo 60.2 en relación co artigo 26.1 c) do Real Decreto 500/1990.”

Nas partidas orzamentarias ás que se imputan os gastos que figuran na proposta de Alcaldía non existe crédito disponible para os gastos do exercicio anterior, polo que o órgano competente para o recoñecemento extraxudicial de crédito será o Pleno ó amparo do RD500/90 e de conformidade co previsto nas BEO/08, prorrogado.

Tendo en conta que no momento de tramitación do presente expediente o orzamento vixente é o do exercicio 2010 e tal e como se indicara pola Alcaldía no orzamento do citado exercicio

non se consignaron os créditos suficientes para poder facer fronte a eventuais recoñecementos extraxudiciais., polo tanto, e ante a inexistencia de crédito adecuado no orzamento do exercicio 2010, a competencia para a aprobación do expediente lle corresponde ó Pleno da Corporación.

Sexto.- Ao acordarse a imputación destas obrigas aos créditos do estado de gastos do orzamento vixente, o importe dos créditos dispoñibles para atender os gastos do presente exercicio verase reducido.

CONCLUSIÓN.-

A fiscalización desta intervención en relación co presente expediente de recoñecemento extraxudicial 5/10 é de disconformidade e sen efectos suspensivos, reiterando, en todo caso, a necesidade de evitar a utilización desta figura controvertida que a lei prevé como excepcional.

En todo caso, advertir da necesidade de que posto que se está a imputar gasto do exercicio anterior ó corrente, deberase efectuar un adecuado control do gasto no exercicio.

Segundo criterio da que suscribe o presente informe, si se acreditase a obrigación do concello de facer fronte ós gastos descritos, procedería, dado que non existe crédito no orzamento do presente exercicio para facer fronte ó gasto que se propón, que polo Pleno e baixo a súa responsabilidade, se procedera a recoñecer extraxudicialmente o crédito a favor dos terceiros antes relacionados. Non obstante, deben de poñerse de relevo as consecuencias negativas derivadas da tramitación deste tipo de expedientes, sendo entre outras:

* Xurídicas:

Co incumprimento da legalidade aplicable na realización do gasto público e a posible existencia e esixencia de responsabilidade de diversos tipos (administrativa, civil penal); debéndose ter especialmente en conta o establecido ó respecto na disposición adicional 5ª da LCAP referida á responsabilidade das autoridades e do persoal ó servizo das Administracións Públicas, artigo no que se dispón que:

“1. La responsabilidad patrimonial de las autoridades y del personal al servicio de las Administraciones Públicas derivados de sus actuaciones en materia de contratación administrativa, tanto por daños causados a particulares como a la propia Administración se exigirá con arreglo a lo dispuesto en el Título X de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común y en el Real Decreto 429/1993, de 26 de mayo, por el que se aprueba el Reglamento de los procedimientos de las Administraciones Públicas en materia de responsabilidad patrimonial.

2. La infracción o aplicación indebida de los preceptos contenidos en la presente Ley por parte del personal al servicio de las Administraciones Públicas, cuando mediere al menos negligencia grave, constituirá falta muy grave cuya responsabilidad disciplinaria se exigirá conforme a la normativa específica en la materia.”

Así mesmo, no artigo 60 do TRRL dispónse que:

“Las autoridades y funcionarios de cualquier orden que, por dolo o culpa o negligencia, adopten resoluciones o realicen actos con infracción de las disposiciones legales, estarán obligados a indemnizar a la Corporación Local los daños y perjuicios que sean consecuencia

de aquellos, con independencia de la responsabilidad penal o disciplinaria que les pueda corresponder.”

Con respecto ó indicado, no artigo 78 da LRBRL establécese que:

“1. Los miembros de las Corporaciones locales están sujetos a responsabilidad civil y penal por los actos y omisiones realizados en el ejercicio de su cargo. Las responsabilidades se exigirán ante los tribunales de Justicia competentes y se tramitarán por el procedimiento ordinario aplicable.

2. Son responsables de los acuerdos de las Corporaciones locales los miembros de las mismas que los hubieran votado favorablemente.

1. Las Corporaciones locales podrán exigir la responsabilidad de sus miembro cuando por dolo o culpa grave, hayan causado daños y perjuicios a la Corporación o a terceros, si éstos hubiesen sido indemnizados por aquella.”

No artigo 225.1 do ROF establécese que :

“Las entidades locales podrán instruir expediente, con audiencia del interesado, para declarar la responsabilidad civil de sus autoridades, miembros, funcionarios y dependientes que, por dolo o culpa o negligencia graves, hubieren causado daño y perjuicio a la Administración o a terceros, si éstos hubieran sido indemnizados por aquella.”

Así mesmo deberase ter en conta o establecido nos artigos 140 a 146 da LXO; no artigo 140 da citada Lei establécese que:

“Las autoridades y funcionarios de cualquier orden que por dolo, culpa o negligencia graves adopten resoluciones o realicen actos con infracción de las disposiciones de esta Ley estarán obligados a indemnizar a la Hacienda Pública los daños y perjuicios que sean consecuencia de aquellos, con independencia de la responsabilidad penal o disciplinaria que les pueda corresponder.”

* Económico-orzamentario:

Derivado de que os gastos corresponden ó exercicio 2009 que teñen a consideración de pechados cos conseguintes quebrantos económicos á facenda municipal, distorsionando o resultado orzamentario real e incidindo negativamente nas previsións orzamentarias, e no equilibrio orzamentario real. En consecuencia, a imputación destes gastos de exercicios anteriores ó orzamento implicarán unha limitación importantísima de cara a poder recoñecer as obrigas do exercicio corrente.

*Comercial:

Así mesmo deberase ter en conta o quebranto económico causado a diversos provedores.

Fene, a 15 de novembro de 2010.

A Interventora

Asdo: Marta Roca Naveira”

Considerando que no citado informe poñíase de manifesto, entre outras cuestións, a necesidade de que polo concello se procedese ó recoñecemento e pago dos citados gastos pois noutro caso estaríase a producir un enriquecemento inxusto da administración.

Dado que os gastos ós que se fixo referencia corresponden todas elas a exercicios anteriores ó presente (exercicio 2008 e 2009), polo que para proceder á súa aprobación deberá procederse ó seu recoñecemento extraxudicial de créditos. O nome de “recoñecemento extraxudicial de crédito” deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adxudicación correspondente, derivan de prestacións de servizos, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír ós órganos xudiciais.

En definitiva, a proposta de recoñecemento extraxudicial pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración.

Considerando que tal e como se puxo de manifesto no informe da intervención municipal no orzamento do exercicio 2010 non existe crédito adecuado para proceder á imputación destes gastos o que implica que ó tratarse de gastos dos exercicios anteriores e sen crédito a competencia para o recoñecemento extraxudicial de crédito corresponde ó Concello-Pleno.

Por todo o anterior, esta Alcaldía emite a seguinte proposta de acordo para que, previo dictame da Comisión de FAcenda, polo Concello-Pleno se adopten os seguintes acordos:

1º Aproba-lo recoñecemento extraxudicial dos gastos relativos ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 7/10 por un importe total de 10924,87 €.

2º A conseguinte aprobación, e ordenación do pago, da relación dos gastos con cargo ás aplicacións orzamentarias de aplicación dacordo co detalle que se adxunta a continuación:

TERCEIRO	CONCEPTO	IMPORTE	APLIC. ORZ.
Mancomunidade de concellos da comarca de Ferrol	Resto aportación exercicio 2008 e aportación económica exercicio 2009	10.924,87 €	942/46300
TOTAL			10.924,87 €

En Fene, a 15 de novembro de 2010.

O ALCALDE ACCTAL

Asdo.- Juan M. Lourido Glez.”

Non habendo debate, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 15 de novembro de 2010, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Oito (8), (dos sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira, Rey Sampayo e Sánchez Martínez).

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Nove (9), (dos sres/as. Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López, Pico Sanmartín, Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral e Franco Casal).

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

1º Aprobalo recoñecemento extraxudicial dos gastos relativos ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 7/10 por un importe total de 10924,87 €

2º A conseguinte aprobación, e ordenación do pago, da relación dos gastos con cargo ás aplicacións orzamentarias de aplicación dacordo co detalle que se adxunta a continuación:

TERCEIRO	CONCEPTO	IMPORTE	APLIC. ORZ.
Mancomunidade de concellos da comarca de Ferrrol	Resto de exercicio 2009 e aportación económica exercicio 2008 e aportación económica exercicio 2009	10.924,87 €	942/46300
TOTAL			10.924,87 €

5º.3.- Recoñecemento extraxudicial 8/2010.

De seguido toma a palabra o sr. alcalde que xustifica a urxencia no mesmo sentido que o expresado para o punto anterior.

De seguido, a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do asunto, sendo aprobada por unanimidade dos membros presentes.

Logo de ver a proposta da Alcaldía de data 15 de novembro de 2010, que copiado literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

ASUNTO.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS Nº 8/2010

Visto o informe de reparo nº 24/2010 da Intervención municipal de 28/10/2010 que transcrito di:

“INFORME DE INTERVENCION (REPARO Nº 24/2010)

ASUNTO.- APROBACION DE FACTURA POLO PLENO EN SESION DE 03/08/2010 SIN CREDITO ORZAMENTARIO.

Antecedentes

- Expedientes modificativos de crédito de suplemento nº 3 e 4/10.
- Expedientes modificativos de crédito extraordinario nº 2 e 3/10.
- Expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 4/2010.
- Acordos plenarios de 03/08/2010.

Marta Roca Naveira, Interventora do concello de Fene, ó abeiro do disposto no artigo 214 do RDL 2/2004, de 5 de marzo emite o seguinte informe:

Primeiro.- Que con data de 03/08/2010 o concello pleno procedeu ó recoñecemento extraxudicial de créditos por un total de 461213,79 €. Entre as facturas aprobadas neste expediente está incluída unha por importe de 63,57 € emitida por Servicios de Aparcamientos

Portas e Control, SL en concepto de servicios de limpeza do arquivo municipal no mes de outubro de 2009.

Segundo.- Que a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 4/2010 estaba condicionada á aprobación dos expedientes modificativos de crédito relacionados nos antecedentes do presente informe.

A entrada en vigor dos expedientes modificativos de crédito (SC3/10 e 4/2010 e CE 2/10 e 3/2010) produciuse o día 25/10/2010 (data de publicación do resumo por capítulos do orzamento no BOP), procedéndose por esta Intervención á realización dos asentos contables das modificacións de crédito e, consecuentemente, dos recoñecementos extraxudiciais de crédito (aprobación de gastos).

Terceiro.- Que como consecuencia da contabilización dos gastos aprobados por recoñecemento extraxudicial detéctase por esta Intervención que a factura mencionada no apartado 1º do presente informe, e como consecuencia das enmendas ós expedientes modificativos de crédito aprobadas polo Pleno de 3 de agosto de 2010, foi aprobada por éste sen crédito orzamentario suficiente. En definitiva, e como consecuencia, neste caso concreto, da enmenda unicamente do expediente de MC ó que ía ligado o recoñecemento extraxudicial desta factura e non de éste, neste punto, provocou a minoración do saldo da MC sen a correspondente minoración do recoñecemento extraxudicial, polo que esto provocou que o Pleno da Corporación adoptara o acordo de aprobación dunha factura sin crédito orzamentario.

Cuarto.- Que o RDL 2/2004 establece no seu artigo 216 que “Si el reparo afecta a la disposición de gastos, reconocimiento de obligaciones u ordenación de pagos, se suspenderá la tramitación del expediente hasta que aquél sea solventado en los siguientes casos:
a) Cuando se base en la insuficiencia de crédito o el propuesto no sea adecuado....”

E, por outra banda, o artigo 217.2 do RDL 2/2004 prevé que “.... corresponderá al Pleno de la Corporación la resolución de la discrepancia cuando los reparos:
a) Se basen en la insuficiencia o inadecuación de crédito.
b) Se refieran a obligaciones o gastos cuya aprobación sea de su competencia.”

Quinto.- Tendo en conta que a fiscalización da factura obxecto do reparo foi fiscalizada no informe de 21/06/2010 relativo ó recoñecemento extraxudicial de crédito nº 4/2010, esta Intervención remítese ó citado informe.

CONCLUSION

Esta Intervención, emite formula informe de reparo polos motivos expostos nos apartados 1, 2 e 3 do presente informe. A competencia para a resolución da discrepancia correspóndelle ó Pleno da Corporación (art. 217.2 RDL 2/2004),

Fene, a 28 de outubro de 2010.
A INTERVENTORA
Asdo.- Marta Roca Naveira.”

Logo de ver o informe da Intervención que obra no expediente de recoñecemento extraxudicial nº 4/2010 de 21/06/2010 no que, entre outros, se fiscalizaba a factura afectada polo informe de reparo nº 24/2010.

Logo de ver, tal e como se indica no informe da Intervención, que como consecuencia das enmendadas ós expedientes modificativos de crédito aprobadas polo Pleno de 3 de agosto de 2010, foi aprobada a factura de Servicios de Aparcamientos Portas e Control, SL por importe de 63,57 € en concepto de servicios de limpeza do arquivo municipal, mes de outubro sen crédito orzamentario suficiente na medida en que unicamente se aprobou a enmenda do expediente de MC sen a correspondente modificación do expediente de recoñecemento extraxudicial cuxa aprobación se atopaba condicionada á aprobación dos primeiros. E polo que pode concluirse que efectivamente se produciu unha confusión evidente na adopción destes acordos polo pleno de 03/08/2010.

Considerando, a necesidade de que polo concello se procedese ó recoñecemento e pago das citadas facturas pois noutro caso estaríase a producir un enriquecemento inxusto da administración.

Por todo o anterior, esta Alcaldía emite a seguinte proposta de acordo para que, previo dictame da Comisión de FAcenda, polo Concello-Pleno se adopten os seguintes acordos:

1º. Levantamento do reparo nº 24/2010 con efectos suspensivos formulado pola intervención municipal, que consta no informe de data 28 de novembro de 2010, polas razóns expostas na parte dispositiva da presente.

2º Aproba-lo recoñecemento extraxudicial dos gastos relativos ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 8/10 por un importe total de 63,57€

3º.-Aprobar a factura nº 001074 de 30/10/09 emitida por Servicios de Aparcamientos Portas e Control, SL por importe de 63,57 € en concepto de servicios de limpeza do arquivo municipal do mes de outubro de 2009 e acordar o seu pagamento con cargo á aplicación orzamentaria 920/22700.

Fene, a 15 de novembro de 2010,
O ALCALDE ACCTAL.
Ado.- Juan M. Lourido Glez.”

Non habendo debate, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 15 de novembro de 2010, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Oito (8), (dos sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira, Rey Sampayo e Sánchez Martínez).

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Nove (9), (dos sres/as. Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López, Pico Sanmartín, Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral e Franco Casal).

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

1º Levantamento do reparo nº 24/2010 con efectos suspensivos formulado pola intervención municipal, que consta no informe de data 28 de novembro de 2010, polas razóns expostas na parte dispositiva da presente.

2º Aproba-lo recoñecemento extraxudicial dos gastos relativos ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 8/10 por un importe total de 63,57€

3º Aprobar a factura nº 001074 de 30/10/09 emitida por Servicios de Aparcamientos Portas e Control, SL por importe de 63,57 € en concepto de servicios de limpeza do arquivo municipal do mes de outubro de 2009 e acordar o seu pagamento con cargo á aplicación orzamentaria 920/22700.

5º.4.- Recoñecemento extraxudicial 9/2010

De seguido toma a palabra o sr. alcalde que xustifica a urxencia no mesmo sentido que o expresado para o punto anterior.

De seguido, a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do asunto, sendo aprobada por unanimidade dos membros presentes.

Logo de ver a proposta da Alcaldía de data 15 de novembro de 2010, que copiado literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

ASUNTO: RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO 9/2010

Visto o informe da Intervención municipal de 12 de novembro relativo á fiscalización da xustificación da subvención nominativa da Comisión de obras parroquiais Divino Salvador de Fene obxeto do expediente de recoñecemento extraxudicial nº 9/2010 por un importe total de 1300 € e que transcrito di:

“INFORME DE INTERVENCION

ASUNTO:FISCALIZACION DA XUSTIFICACION DAS SUBVENCIONS DIRECTAS.

BENEFICIARIO: COMISION DE OBRAS PARROQUIANAS DIVINO SALVADOR DE FENE

Organo resolutorio:	Alcaldía
Importe:	1,300,00
Aplicación orzamentaria:	334/78000
Código proxecto (se é gasto con financiación afectada):	-----

NORMATIVA APLICABLE.

A fiscalización exerceuse de conformidade co establecido no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RDL 2/2004, de 5 de marzo), e como normas supletorias:

- Lei 47/2003, General Presupuestaria.
- Real Decreto 2188/95 que desenvolve o Réxime de Control Interno exercido pola Intervención General del Estado.
- Resolución de la Intervención General del Estado de 02/06/08 que da aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da Ley General Presupuestaria respecto ó exercicio da función interventora.
- Bases de Execución do Orzamento municipal para o exercicio 2.010.

A normativa de referencia para a comprobación da adecuación á legalidade dos asuntos fiscalizados é a seguinte:

- Reglamento de Servicios de las Corporaciones Locales de 1955 (vixente, en canto non contraríe á Ley 7/1985).
- Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e regulamento de desenvolvemento.
- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Fene.
- Bases de Execución do Orzamento municipal exercicio 2010.

FISCALIZACIÓN DO EXPEDIENTE (Extremos a comprobar).

Con carácter xeral:

Existencia de crédito suficiente e axeitado.

Gasto plurianual. Observancia dos requisitos do art. 174 Do TRLRHL.

Proposta formulada pola Unidade xestora responsable do programa orzamentario.

Competencia do órgano resolutorio.

Executividade dos recursos que financian a proposta.

Fase O:

Que existen os xustificantes esixidos nas bases da convocatória que acrediten a correcta aplicación da subvención á súa finalidade.

Que a xustificación se produza dentro de prazo.

Para aquelas subvencións nas que a súa normativa reguladora prevea que os beneficiarios aporten garantías, que se acredita a existêncía de ditas garantías.

En caso de realizarse pagos a conta, que estén previstos na normativa reguladora da subvención.

Acreditación na forma establecida na normativa reguladora da subvención, que o beneficiario se atopa ó corrente de obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non é debedor por resolución de procedêncía de reintegro.

Informe esixido polo artigo 172 do R.D. 2568/1986 de R.O.F. y R.J. de los EE.LL. (ou informe xurídico equivalente), incluíndo proposta de resolución motivada da conveniencia e oportunidade de outorgamento da subvención.

RESULTADO DA FISCALIZACIÓN.

Devolución de expediente ó departamento de orixe.

Fiscalizado de conformidade.

Fiscalizado de conformidade xeral.

Fiscalizado de disconformidade.

CONCLUSIONS

Devolución do expediente para subsanación de erros e/ ou aportación dos documentos omitidos.

Procede a tramitación do expediente.

Sen efectos suspensivos.

Suspensión da tramitación do expediente ata que os reparos sexan solventados ou se resolva a discrepancia planteixada.

OBSERVACIONES

Cómpre realizar as seguintes observacións:

1/Non consta o informe a que fai referencia o art. 172 do ROF.

2/Polo que respecta á conta xustificativa presentada, no anexo 2 relativo á declaración das subvencións solicitadas e /ou concedidas por outros organismos, e no apartado 2 que di “ que para os mesmos fins obtiveronse/non obtivéronse subvencións por importe de..... € doutras Administracións Públicas/entes privados para a mesma finalidade” consta borrada/tachada unha cantidade , e todo elo sen ningún tipo de aclaración ó respecto no documento. O mesmo ocorre no anexo 3 “Conta xustificativa” no apartado de ingresos. Polo tanto, a xuízo da que suscribe, con carácter previo debería requirirse a aclaración desta cuestión.

3/ Na factura presentada como xustificación (emitida por Cuca Cubeirtas y Fachadas Ventiladas (B 32293748), factura nº 000042/2008 de 28/05/2008 por un importe total de 37143,78 euros)consta como CIF da asociación o Q1500020A cando, segundo a documentación obrante no expediente, o CIF correcto é o G70144776, polo tanto, entende esta Intervención que con carácter previo, deberíase subsanarse este extremo.

3/A xustificación pola entidade realízase fóra do prazo previsto no convenio (30/11/2008), polo que o incumprimento do principio de anualidade orzamentaria é imputable directamente ó beneficiario da subvención que non presenta a conta xustificativa ata que recibe o requirimento do artigo 70.3 do RD 887/2006, do 21 de xullo.

En relación con esta cuestión, cabe lembrar que o artigo 26 do RD 500/90, que transcribe casi literalmente o artigo 163 do TRLRFL, refírese ó principio de especialidade temporal, según o cal con cargo ós créditos do estado de gastos de cada orzamento solo poderán recoñecerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servicios e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Aínda así, aplicaránse ós créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as seguintes obrigacións: As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ós Orzamentos Xerais da Entidade.

As derivadas de compromisos de gasto debidamente adquiridos en exercicios anteriores, previa incorporación de créditos no suposto establecido no artigo 163.3.

As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do RD 500/90. Neste último artigo cítase a figura do recoñecemento extraxudicial de crédito.

No presente caso, o compromiso foi debidamente adquirido no exercicio 2008 pero non foi obxecto de incorporación de remanente no exercicio 2009. Ademais do anterior, e tal e como se indicou, é o propio beneficiario o causante directo do incumprimento do principio de anualidade orzamentaria, polo tanto, o recoñecemento destas obrigas deberá realizarse a través dun recoñecemento extraxudicial de crédito.

Concepto de recoñecemento extraxudicial de créditos: A xurisprudencia do Tribunal Supremo (Sentencias de 12 de febreiro de 1990, 25 e 8 de outubro de 1986) atenúa o rigor na aplicación dos principios citados ó contrastarlos coa “Teoría do enriquecemento inxusto”, pola que “no se puede alegar como impedimento en el cumplimiento de la obligación de pago la ausencia de ciertas formalidades.”

Ademais debemos ter en conta os principios de confianza lexítima e boa fe que deben presidir as relacións entre as Administracións Públicas e os cidadáns. Estes principios, que xa foran recoñecidos pola xurisprudencia contencioso-administrativa, incorporáronse ó dereito positivo na Lei 4/99, que modifica parcialmente a Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Do anterior dedúcese que o nome de “recoñecemento extraxudicial de crédito” deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adxudicación correspondente, derivan de prestacións de servizos, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír ós órganos xudiciais.

En todo caso, e aínda cando da interpretación dos artigos 26.2 c) e 60.2 do RD 500/90 pode desprenderse que, previo recoñecemento do Pleno, poden aplicarse ó orzamento vixente gastos realizados en exercicios anteriores, debe entenderse, como xa sinalou a Audiencia de Contas de Canarias, que esta excepción se contempla para convalidar situacións puntuales e irregulares e non como posibilidade regulada, na maior parte dos supostos, para realizar sistematicamente gastos sin a suficiente consignación orzamentaria, debéndose evitar no posible a utilización desta figura controvertida.

Con igual claridade se manifesta o Consello de Contas de Galicia no informe de fiscalización do Concello de Boqueixón do ano 2000, que tras considerar censurable a utilización recorrente deste mecanismo xeneralizando así un procedemento que a lei prevé como excepcional para a protección de terceiros, sinala que:

“...tal excepcionalidad requiere la tramitación de un expediente para cada caso concreto en el que debería constar un informe o memoria del órgano gestor del gasto en el que se justifique cuáles fueron los motivos que dieron lugar a la realización de gastos sin ajustarse al procedimiento legalmente establecido”

A proposta pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración. No noso dereito ,e a falta dun texto legal que consagre dito principio, foi a xurisprudencia a que fixo múltiples aplicacións da idea, que pode por elo considerarse como doutrina xurisprudencial.

Ademais os retrasos no recoñecemento e abono de obrigas poden dar lugar á reclamación de xuros de demora, co conseguinte perxucio económico para o concello.

A base 23ª de BE/10, referida ó recoñecemento extraxudicial dos créditos, dispón que “2.-O recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderá ó Pleno cando no expediente tramitado ó efecto non se acredite a existencia de crédito disponible suficiente nas partidas orzamentarias de aplicación, todo elo de conformidade con establecido no artigo 60.2 en relación co artigo 26.1 c) do Real DECreto 500/1990.”

Na aplicación orzamentaria á que se imputan os gastos que figuran na proposta de Alcaldía non existe crédito adecuado para os gastos do exercicio anterior, polo que o órgano competente para o recoñecemento extraxudicial de crédito será o Pleno ó amparo do RD500/90 e de conformidade co previsto nas BEO/10.

Tendo en conta que no momento de tramitación do presente expediente o orzamento vixente é o do exercicio 2010 e tal e como se indicara pola ALcaldía no orzamento do citado exercicio non se consignaron os créditos suficientes para poder facer fronte a eventuais recoñecementos extraxudiciais, polo tanto, e ante a inexistencia de crédito adecuado no orzamento do exercicio 2010, a competencia para a aprobación do expediente lle corresponde ó Pleno da Corporación.

Ao acordarse a imputación destas obrigas aos créditos do estado de gastos do orzamento vixente, o importe dos créditos dispoñibles para atender os gastos do presente exercicio verase reducido.

Fene, a 12 de novembro de 2010
A INTERVENTORA MUNICIPAL
Asdo: Marta Roca Naveira “

Considerando , a necesidade de que polo concello se procedese ó recoñecemento e pago dos citados gastos pois noutro caso estaríase a producir un enriquecemento inxusto da administración.

Dado que os gastos ós que se fixo referencia corresponden todas elas a exercicios anteriores ó presente (exercicio 2008), polo que para proceder á súa aprobación deberá procederse ó seu recoñecemento extraxudicial de créditos. O nome de “recoñecemento extraxudicial de crédito” deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adxudicación correspondente, derivan de prestacións de servizos, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír ós órganos xudiciais.

En definitiva, a proposta de recoñecemento extraxudicial pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración.

Considerando que tal e como se puxo de manifesto no informe da intervención municipal no orzamento do exercicio 2010 non existe crédito adecuado para proceder á imputación destes gastos o que implica que ó tratarse de gastos dos exercicios anteriores e sen crédito a competencia para o recoñecemento extraxudicial de crédito corresponde ó Concello-Pleno.

Por todo o anterior, esta Alcaldía emite a seguinte proposta de acordo para que, previo dictame da Comisión de FAcenda, polo Concello-Pleno se adopten os seguintes acordos:

1º Aproba-lo recoñecemento extraxudicial dos gastos relativas ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 8/10 por un importe total de 1300 €.

2º Aprobar a xustificación da subvención nominativa concedida á Comisión de Obras parroquiales Divino Salvador de Fene, con CIF70174776, por importe de 1300,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 334/78000 efectuando os correspondentes asentos na contabilidade municipal.

En Fene, a 15 de novembro de 2010.
O ALCALDE ACCTAL
Asdo.- Juan M. Lourido Glez.”

Non habendo debate, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 15 de novembro de 2010, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Oito (8), (dos sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira, Rey Sampayo e Sánchez Martínez).

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Nove (9), (dos sres/as. Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López, Pico Sanmartín, Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral e Franco Casal).

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

1º Aproba-lo recoñecemento extraxudicial dos gastos relativos ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 8/10 por un importe total de 1300 €

2º Aprobar a xustificación da subvención nominativa concedida á Comisión de Obras parroquiales Divino Salvador de Fene, con CIF70174776, por importe de 1300,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 334/78000 efectuando os correspondentes asentos na contabilidade municipal.

6º.- Rogos e preguntas.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que detectaron bastantes queixas de veciños e dalgún administrador de fincas relativo á deficiencia dos recibos municipais, logo do cambio de xestión de cobros a través da Deputación Provincial, polo que roga que se informe aquí ou na Comisión correspondente para saber coma foi o período de recadación voluntario do servizo que agora presta a Deputación. Pregunta si se fixo o informe sobre a accesibilidade das obras na praia de río Sandeu, pregunta se o Concello ten algún coñecemento sobre a idea da Xunta de Galicia en relación co peche do colexio dos Casais para o vindeiro curso. Rogalle ao alcalde que cando tome algunha decisión de pechar o Concello coma medida de protesta contra o Decreto do carbón, que polo menos avise aos grupos políticos para facelos copartícipes dese peche, aos funcionarios de que existe un peche, e cando menos coloque un aviso na porta para avisar aos veciños, polo que roga que si se toma unha decisión dese tipo e o faga extensivo a todos e a todas. Roga tamén en relación á sinalización que se está a facer no Concello, a través dunha subvención da Deputación do ano dous mil nove, que se retire a sinalización vella segundo se coloque a nova.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Edgar Antonio Vigo López quen, unha vez concedido roga que, segundo o informado en Comisión, se proceda a facer o pagamento da subvención do ano dous mil nove e se convoquen as subvencións do ano dous mil dez. Roga tamén respecto ás obras da EDAR, que segundo o visto nas actas, detectaron que houbera un problema co asfaltado na estrada da Palma, que a día de hoxe, logo da ponte de Maniños ata Mugarados, tamén está o asfaltado sen facer, polo que roga que se solucione isto procedendo ao seu asfaltado. Roga para que se vixie o servizo que se está prestando respecto da recollida de voluminosos, xa que non están a prestar o servizo todas as semanas coma tiñan previsto.

De seguido intervén o sr. alcalde para dicir que quere facer unha puntualización respecto do rogo da retirada da sinalización do Concello di que hai indicacións neste sentido, que se deu orde de colocar a nova sinalización e retirar a vella. Que respecto do peche da Casa do Concello, comparte o feito de facer as cousas con tempo, dialogadas e consensuadas, pero quere matizar que o alcalde non pechou a Casa do Concello, que o que pasou foi que o Concello das Pontes remitiu a todos os concellos da comarca un fax no que promovían o

peche das Casas dos Concellos para o venres coma síntoma de repulsa ao Decreto do carbón, que logo de falar o xoves co Concello das Pontes e demais Concellos da comarca saben que este vai facer un peche o día sinalado e que os demais farán simbolicamente, durante dúas horas na mañá, dándolle traslado da convocatoria as dúas seccións sindicais do Concello para que a transmitiran aos traballadores e que voluntariamente, aqueles traballadores que se quixesen sumar á iniciativa se puidesen sumar, que en paralelo se falou con eles para que determinados servizos coma o rexistro, o servizo de axuda no fogar, limpeza viaria, Policía Local e recollida do lixo non se sumasen a este movemento, que fose máis ben o persoal da Administración, que evidentemente implicaban unha menor alteración do funcionamento normal do Concello, que se fixo dende as doce e media da mañá ata as dúas e media da tarde e que el estivo no Concello ata as tres da tarde reunido con distintos veciños.

Continúa o sr. alcalde respondendo ás preguntas, e di que respecto ao peche do colexio dos Casais non teñen ningunha información, nin oficial nin oficiosa, da Xunta de Galicia nin de ninguén, que so saben o dito polo director do Colexio que escoitara na Xunta de Galicia que se podía formular un reagrupamento entre os centros do Ramo e dos Casais, que onte falou coa Consellería de Educación polo tema do instituto e aproveitou para preguntar por este extremo ao que lle contestaron que non tiñan previsión de tal cousa, que respecto deste tema se houberse consenso podería adoptarse outra decisión pero que coma non o hai existe a regra da Xunta de Galicia que é que cando un colexio queda con cinco alumnos ou menos se pecha, que o seu grupo non vai respaldar ningún peche dun colexio en Fene sen que se teña respaldo por parte do centro e dos pais. Respecto do tema da accesibilidade de Costas a río Sandeu di que o informe dos servizos técnicos municipais non está feito xa que o problema se remitiu a Costas que actuou flamexando o granito para que este quede máis rugoso e esbarre menos e que está a facer unha escaleira para acceder á praia, polo que entenden que cando a obra estea rematada e queden as condicións de accesibilidade definidas definitivamente é cando o Concello debe mirar se cumpre ou non. Resposta tamén que toman nota do rogo da dación de contas respecto da recadación, que o concelleiro de Facenda dará as explicacións oportunas na súa Comisión.

De seguido pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Galego Feal quen, unha vez concedido di que para axilizar van transformar todas as preguntas en rogos. Di que en relación as pluviais da rúa Xerardo Díaz, na que se produciron inundacións, xa teñen presentado escritos para proceder ao desatascado destas pluviais, polo que roga que se fagan estes traballos canto antes. Roga respecto dos cortes de luz nas vivendas Sindicais, que se lles remitan os informes dos técnicos que lles pediron. Roga que se abra un expediente informativo respecto do asunto xa falado en Comisión sobre o aparcamento da Escola Infantil. Roga para que o día de difuntos non se peche o cemiterio ao medio día coma pasou este ano. Rógalle á concelleira de Medio Ambiente que os restos da poda non se depositen no polígono industrial de Vilar do Colo, que ademais atrae que se poida depositar máis lixo. Di que teñen solicitado por escrito o informe técnico do aparcamento da escola infantil, que se lles dixo que so podían examinar o expediente exclusivamente, polo que reiteran o rogo feito de que se lles expida copia do informe técnico. Roga que as actas das Xuntas de Goberno Local que se lles deron todas xuntas, dende o mes de xaneiro, se lles entreguen paulatinamente segundo se vaian facendo. Rogan para que se axilicen as obras da rede de sumidoiros do Balado, que ían ser para un mes e aínda non está rematado. Roga ao sr. alcalde que cando tome decisións coma a de pechar o Concello, aínda das explicacións dadas, polo menos avise aos restantes grupos políticos vía sms e roga para que se faga canto antes a cesión dos terreos do instituto á Xunta de Galicia para que se poida facer a súa ampliación.

De seguido intervén o sr. alcalde para dicir que respecto do informe técnico da Galescola se lles remitiu unha documentación que dicía que había un prazo para ver o expediente, e que si se quería copia dalgún documento, había que pedila. Di respecto do instituto que xa se lle comunicou a AMPA e á propia dirección do centro que na vindeira Xunta de Goberno Local van acordar a segregación da parcela e a remisión á Xunta de Galicia para poder facer a ampliación, que de todos os xeitos, polo que puido ver dos orzamentos da Xunta de Galicia, non viu ningunha partida para a ampliación do instituto de Fene.

Seguidamente pide o uso da palabra o voceiro do grupo mixto Manuel Sánchez Martínez quen, unha vez concedido di pregunta polas obras que se van facer entre os bloques nove e dez e once e doce das vivendas de San Valentín si son de pavimentación e respecto da reunión que se ía ter con ADIF, si se celebrou e si se fixo que se acordou.

A continuación intervén o sr. alcalde para dicir que si respecto da primeira pregunta e respecto da segunda pregunta di que houbo unha xuntanza a semana pasada co enxeñeiro que está levando o peche da vía e dos pasos soterrados da estación de Perlío e do paso elevado no Cruceiro, que teñen o proxecto practicamente rematado, que viñeron a replantear no terreo as obras e esta semana estiveron os técnicos de Adif tomando medidas definitivas, que lles dixeron que agora, a final de ano ou comezo do seguinte, se rematarían os proxectos e a partir de aí se comezará á licitación da obra, que de todos os xeitos, mañá pola mañá terá unha reunión co presidente de Adif na Coruña, máximo responsable político do xestor de infraestruturas ferroviarias, e aí intentará concretar os prazos de licitación, adxudicación e execución.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión sendo as 21:15 horas do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo isto a presente acta, do que eu, secretario, dou fe.

Visto e prace,
O alcalde-presidente

O secretario,

Iván Puentes Rivera

Jesús Tallón García